B4.8. Recoñecer que os estilos de vida contribúen á extensión de determinadas enfermidades (cancro, enfermidades cardiovasculares, etc).	<i>CCIB4.8.1. Recoñece estilos de vida que contribúen á extensión de determinadas enfermidades.</i>	CCL, CMCT, CD, CSC	6,4	PE, CC
	<i>CCIB4.8.2. Xustifica os principais efectos que sobre o organismo teñen os diferentes tipos de drogas e o perigo que leva consigo o seu consumo.</i>	CCL, CMCT, CD, CSC	6,4	PE, CC
	<i>CCIB4.8.3. Establece a relación entre alimentación e saúde, describindo o que se considera unha dieta sa.</i>	CCL, CMCT, CD	6,4	PE, CC
B1.9. Comprender informacións, adquirir vocabulario sobre os contidos da unidade, expresar coñecementos e opinións de forma oral e escrita, e mostrar interese pola lectura de textos.	<i>CCIB1.9.1. Comprende os textos e as diferentes informacións presentadas ao longo da unidade, adquire vocabulario sobre a saúde e a enfermidade, expresa coñecementos e opinións de forma oral e escrita, e mostra interese pola lectura de textos.</i>	CCL, CMCT, CD	6,4	PE, CC

B1.10. Coñecer e usar de forma responsable as TIC, desenvolver estratexias para tratar a información, convertela en coñecemento propio e aplicala a distintos contextos, e participar de forma activa no propio proceso de aprendizaxe.	CCIB1.10.1. Obtén e organiza información, traballa co esquema da unidade, e utiliza os recursos dixitais con interese e responsabilidade.	CCL, CMCT, CD, CAA	3,4	TI, TG
B1.11. Mostrar iniciativa e perseveranza á hora de afrontar os problemas e de defender opinións. Desenvolver actitudes de respecto e colaboración ao traballar en grupo.	CCIB1.11.1. Mostra unha actitude emprendedora, acepta os erros ao autoavaliarse, persevera nas tarefas de recuperación e participa activamente nos exercicios de aprendizaxe cooperativa.	CCL, CMCT, CD, CSC, CSIEE	3,4	TI, TG
B1.12. Utilizar diversos materiais, técnicas, códigos e recursos artísticos na realización de creacións propias.	CCIB1.12.1. Realiza debuxos ou maquetas que representan modelos o máis parecidos posible á realidade.	CCL, CMCT, CD, CCEC	3,4	TI, TG

6.4. INDICADORES DE LOGRO DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

UNIDADE 1. A ciencia e a información.

- *Define e utiliza correctamente termos relacionados coa unidade, método científico, hipótese, leis científicas, teorías, sensacionalismo, empirismo, divulgación científica, etc.*
- *Elabora un texto para expoñelo na clase sobre os síntomas, causas e curación dalgunha enfermidade infecciosa.*
- *Redacta textos que comparan dúas situacións, informes breves acerca de enfermidades e explica diferenzas e aspectos en común.*
- *Utiliza con corrección a linguaxe oral para expresar os coñecementos adquiridos na unidade.*
- *Utiliza a linguaxe oral para adoptar e defender posturas argumentadas.*
- *Realiza a lectura comprensiva dos textos propostos.*
- *Valora a importancia da lectura de libros de divulgación científica, noticias, etc., para a transmisión do coñecemento científico á sociedade.*
- *Interpreta gráficos das diferenzas entre as publicacións científicas realizadas por diferentes países europeos.*
- *Extrae información de gráficos, datos e táboas para emitir opinións e obter conclusións.*
- *Coñece a importancia do método científico na comprobación de hipóteses e establecemento de leis e teorías.*
- *Valora o papel dos divulgadores e divulgadoras de ciencias como mediadores na transmisión do coñecemento científico á sociedade.*
- *Busca información en fontes fiables para responder as actividades que requiren investigar determinados aspectos propostos na unidade.*
- *Completa o mapa conceptual da unidade a partir dos coñecementos adquiridos.*
- *Elabora esquemas e resumos.*
- *Compara conceptos mediante a construción de táboas.*
- *Autoavalíase escribindo as ideas principais da unidade e realizando as actividades de peche.*
- *Coopera cos compañeiros e as compañeiras na realización de actividades.*
- *Respecta as opinións expresadas polos compañeiros e compañeiras nos debates formulados nas actividades baixo o título «Opina».*

- *Recoñece a evolución do papel da muller no ámbito científico.*
- Leva un caderno de apuntamentos aseado e coas actividades ao día, e consulta as dúbidas que se xeren.
- Mostra iniciativa á hora de intervir nas actividades propostas e respecta as opinións alleas.
- Valora a estética e a limpeza de debuxos e esquemas que facilitan o estudo dos contidos da unidade.

UNIDADE 2. O coñecemento do universo.

- *Define e utiliza correctamente termos relacionados coa unidade como galaxia, cometa, planeta anano, asteroide, etc.*
- Busca o significado de antimateria, etc.
- Utiliza correctamente a linguaxe escrita para redactar descrições de imaxes e diferenzas entre elas, así como os modelos do universo.
- Utiliza con corrección a linguaxe oral para expresar os coñecementos adquiridos sobre o universo e o sistema solar, mediante a resolución das distintas actividades que se piden na unidade.
- Utiliza con corrección a linguaxe oral para adoptar e defender posturas argumentadas.
- Realiza a lectura comprensiva dos textos propostos.
- Realiza cálculos para determinar a velocidade á que orbita o telescopio Hubble arredor da Terra.
- Organiza a información utilizando procedementos matemáticos para comparar os planetas do sistema solar.
- *Explica que evolución estelar terá o Sol, describe que sucede cando un cometa pasa preto do Sol, etc.*
- Busca información en fontes fiables para responder ás actividades que requiren investigar determinados aspectos sobre o universo.
- Completa o mapa conceptual da unidade a partir dos coñecementos adquiridos.
- Elabora esquemas e resumos.
- Compara conceptos mediante a construción de táboas.
- Autoavalíase escribindo as ideas principais da unidade e realizando as actividades de peche.
- Coopera cos compañeiros e compañeiras na realización de actividades.
- *Valora a importancia do traballo dos astrónomos e as astrónomas que contribuíron ao coñecemento do universo. Valora a importancia de dedicar recursos á investigación espacial.*
- Leva un caderno de apuntamentos aseado e coas actividades ao día, e consulta as dúbidas que se xeren.
- Mostra iniciativa á hora de intervir nas actividades propostas e respecta as opinións alleas.
- Aprecia as fotografías do universo e valora os debuxos que nos permiten entender os fenómenos que acontecen nel.
- Realiza debuxos ou maquetas que representen modelos o máis parecidos posible á realidade.

UNIDADE 3. Tecnoloxía, recursos e medio.

- *Define e utiliza correctamente termos relacionados coa unidade como actividade tecnolóxica, recurso, impacto, sobreexplotación, residuo, contaminante, etc.*
- *Busca o significado de eutrofización, de obsolescencia programada, de capacidade de carga, etc.*
- Utiliza con corrección a linguaxe escrita para expresar os coñecementos adquiridos sobre os impactos ambientais da actividade tecnolóxica humana e para redactar descrições de imaxes e diferenzas entre elas, así como para resolver outras actividades que se piden na unidade.
- *Utiliza con corrección a linguaxe oral para expresar os coñecementos adquiridos sobre os impactos ambientais da actividade tecnolóxica humana, mediante a resolución das distintas actividades que se piden na unidade.*
- Utiliza con corrección a linguaxe oral para expresar as súas opinións sobre aspectos relacionados cos impactos ambientais naquelas actividades en que se solicita unha postura argumentada.
- Realiza a lectura comprensiva dos textos propostos.
- Realiza cálculos para determinar a produción anual de cereais necesaria para sustentar unha poboación.

- *Organiza a información utilizando procedementos matemáticos para extraer conclusións a partir de datos numéricos de táboas de poboación e consumo de recursos, de gráficos de sectores sobre composición de recursos ou sobre orixe dos contaminantes...*
- *Explica por que o CO₂ se considera un contaminante se forma parte da composición atmosférica, decide formas adecuadas de xestión de residuos, etc.*
- *Busca información en fontes fiables para responder as actividades que requiren investigar determinados aspectos sobre o uso dos recursos, os impactos e as súas solucións.*
- Completa o mapa conceptual da unidade a partir dos coñecementos adquiridos.
- Elabora esquemas e resumos.
- Compara conceptos mediante a construción de táboas.
- Autoavalíase escribindo as ideas principais da unidade e realizando as actividades de peche.
- Coopera cos compañeiros e as compañeiras na realización de actividades.
- *Valora a importancia do traballo dos que contribuíron ao desenvolvemento tecnolóxico do ser humano, así como dos que se preocupan por minimizar, evitar ou corrixir os impactos que xeramos deseñando tecnoloxías máis respectuosas co ambiente, elaborando figuras de protección legal do medio, etc.*
- *Valora a importancia de dedicar esforzos humanos e económicos á protección do medio.*
- Leva un caderno de apuntamentos aseado e coas actividades ao día, e consulta as dúbidas que se xeren.
- Mostra iniciativa á hora de intervir nas actividades propostas e respecta as opinións alleas.
- Aprecia o valor estético e conceptual das fotografías e os debuxos que nos fan tomar conciencia sobre os problemas ambientais.
- Realiza debuxos ou maquetas que representen modelos o máis parecidos posible á realidade.

UNIDADE 4. **A enerxía e o desenvolvemento sostible.**

- Define e utiliza correctamente termos relacionados coa unidade como fonte de enerxía, eficiencia enerxética, pila de combustible, cambio climático, mercado de CO₂, etc.
- Busca o significado de desenvolvemento sostible, dereitos de emisión, etc.
- Utiliza a linguaxe escrita para redactar descricións de imaxes e diferenzas entre elas.
- *Utiliza con corrección a linguaxe oral para expresar os coñecementos adquiridos sobre o uso da enerxía, os impactos que xera e os medios para alcanzar o desenvolvemento sostible, mediante a resolución das distintas actividades que se piden na unidade.*
- *Utiliza con corrección a linguaxe oral para expresar as súas opinións sobre aspectos relacionados co modelo enerxético sostible naquelas actividades en que se solicita unha postura argumentada.*
- Realiza a lectura comprensiva dos textos propostos.
- Realiza cálculos para determinar o consumo enerxético medio do ser humano ou as emisións de gases contaminantes asociadas ao consumo enerxético dun fogar medio.
- Organiza a información utilizando procedementos matemáticos para extraer conclusións a partir de datos numéricos en táboas ou en gráficos sobre uso de enerxía, quentamento global, aforro enerxético...
- *Explica como se pode aplicar a tecnoloxía das pilas de combustible de hidróxeno á automoción, como funcionan os procedementos para a obtención e a transformación da enerxía, que relación existe entre o uso da enerxía e o cambio climático, etc.*
- Busca información en fontes fiables para responder as actividades que requiren investigar determinados aspectos sobre o uso da enerxía, sobre o problema enerxético, sobre o cambio climático e sobre os medios para alcanzar o desenvolvemento sostible.
- Completa o mapa conceptual da unidade a partir dos coñecementos adquiridos.
- Elabora esquemas e resumos.
- Compara conceptos mediante a construción de táboas.
- Autoavalíase escribindo as ideas principais da unidade e realizando as actividades de peche.
- Coopera cos compañeiros e compañeiras na realización de actividades.
- *Valora a importancia do traballo dos que desenvolven as fontes de enerxía que permiten un modelo enerxético máis sostible, así como dos organismos que traballan para facer posible o*

tránsito do modelo de desenvolvemento da sociedade cara a outro máis sostible. Valora a importancia de dedicar esforzos humanos e económicos á protección do medio.

- Leva un caderno de apuntamentos aseado e coas actividades ao día, e consulta as dúbidas que se xeren.
- Mostra iniciativa á hora de intervir nas actividades propostas e respecta as opinións alleas.
- Aprecia o valor estético e conceptual das fotografías e os debuxos que explican os fundamentos do aproveitamento enerxético ou os que nos fan tomar conciencia sobre os problemas ambientais.
- Realiza debuxos ou maquetas que representen modelos sobre aproveitamento enerxético o máis reais posibles.

UNIDADE 5. Os materiais e a sociedade.

- *Define e utiliza correctamente termos relacionados coa unidade como aliaxe, arrabio, siderurxia, corrosión, polímero, plástico, composite, nanotecnoloxía, coltán, etc.*
- *Utiliza o vocabulario na redacción de textos para describir procesos de obtención, impactos ambientais ou sociais ou evolución de obxectos ao longo da historia e para expresarse con corrección naquelas actividades en que se solicita unha postura argumentada.*
- *Utiliza con corrección a linguaxe oral para expresar os coñecementos adquiridos sobre os materiais, as súas aplicacións e os impactos derivados do seu uso.*
- Utiliza con corrección a linguaxe oral para adoptar e defender unha postura argumentada.
- Realiza a lectura comprensiva dos textos propostos.
- Realiza cálculos para comparar o tamaño de obxectos de dimensións nanométricas.
- Organiza a información utilizando procedementos matemáticos para extraer conclusións a partir de datos numéricos relacionados coas propiedades dos materiais.
- *Decide que materiais son máis idóneos para determinadas aplicacións en función das súas propiedades.*
- Busca información en fontes fiables para responder as actividades que requiren investigar determinados aspectos sobre os materiais actuais.
- Completa o mapa conceptual da unidade a partir dos coñecementos adquiridos.
- Elabora esquemas e resumos.
- Compara conceptos mediante a construción de táboas.
- Autoavalíase escribindo as ideas principais da unidade e realizando as actividades de peche.
- Coopera cos compañeiros e compañeiras na realización de actividades.
- Valora a importancia do traballo dos que desenvolveron novos materiais que contribuíron ao desenvolvemento tecnolóxico do ser humano e en último termo ao noso benestar e critica e condena o uso deses materiais e esa tecnoloxía con fins bélicos ou prexudiciais para o ser humano.
- Valora a importancia de dedicar esforzos de todo tipo á protección do medio e dos dereitos humanos.
- Leva un caderno de apuntamentos aseado e coas actividades ao día, e consulta as dúbidas que se xeren.
- Mostra iniciativa á hora de intervir nas actividades propostas e respecta as opinións alleas.
- Aprecia o valor estético e conceptual das fotografías e os debuxos que describen procesos de fabricación ou dos esquemas que clasifican materiais.
- Aprecia a beleza de determinados materiais e obxectos e considera o seu emprego con fins estéticos ou artísticos.
- Realiza debuxos ou maquetas que representen modelos o máis parecidos posible á realidade.

UNIDADE 6. As enfermidades e os problemas sanitarios.

- *Define e utiliza correctamente termos relacionados coa unidade, como saúde, tumor, diabete, arterioesclerose, estrés e obesidade.*
- *Elabora un texto para expoñelo na clase sobre os síntomas, causas e curación dalgunha enfermidade infecciosa.*
- *Redacta textos que comparan dúas situacións, informes breves acerca de enfermidades e explica diferenzas e aspectos en común.*

- *Utiliza con corrección a linguaxe adquirida na exposición oral sobre os síntomas, causas e curación dalgunha enfermidade infecciosa.*
- *Realiza a lectura comprensiva dos textos propostos.*
- *Interpreta gráficos das diferenzas entre os países de ingreso alto e os de ingreso baixo con respecto ás causas de morte.*
- *Extrae información de gráficas sobre as dez enfermidades contaxiosas máis letais no mundo e nos países de alto ingreso.*
- *Realiza cálculos de porcentaxes.*
- *Identifica diferentes medidas de profilaxe.*
- *Busca información sobre algunhas medidas preventivas para evitar o contaxio de enfermidades infecciosas.*
- *Descobre como se pode loitar contra algúns axentes que producen enfermidades, como, por exemplo, o virus do Zika.*
- *Valora a importancia da hixiene á hora de tomar alimentos crus.*
- *Recoñece que un dos determinantes da saúde son os estilos de vida, que inclúe a alimentación, a hixiene, o exercicio físico, etc.*
- *Coñece que a obesidade é un factor de risco para moitas enfermidades.*
- *Coñece os tratamentos que se daba aos enfermos dalgunhas enfermidades na antigüidade e valora como evolucionou este tratamento na actualidade.*
- *Recoñece a importancia das vacinas na erradicación de moitas enfermidades.*
- *Busca información en fontes fiables para responder as actividades que requiren investigar determinados aspectos propostos na unidade.*
- *Completa o mapa conceptual da unidade a partir dos coñecementos adquiridos.*
- *Elabora esquemas e resumos.*
- *Compara conceptos mediante a construción de táboas.*
- *Autoavalíase escribindo as ideas principais da unidade e realizando as actividades de peche.*
- *Coopera cos compañeiros e compañeiras na realización de actividades.*
- *Respecta as opinións expresadas polos compañeiros e compañeiras no debate sobre o papel que teñen os medios de comunicación na toma de decisións políticas ou sanitarias.*
- *Recoñece a diferenzas sanitarios entre os países de ingreso alto e os de ingreso baixo.*
- *Leva un caderno de apuntamentos aseado e coas actividades ao día, e consulta as dúbidas que se xeren.*
- *Mostra iniciativa á hora de intervir nas actividades propostas e respecta as opinións alleas.*
- *Valora os debuxos que nos permiten entender os conceptos tratados na unidade, como o desenvolvemento do virus da sida, a transmisión do Ébola ou o ciclo vital do parásito da malaria.*
- *Coñece a importancia da pintura no coñecemento dalgunhas enfermidades como a peste reflectida no cadro titulado «O triunfo da morte».*

UNIDADE 7. Conservación da saúde e calidade de vida.

- *Define e utiliza correctamente termos relacionados coa unidade, como sistema inmunitario, inmunidade, enfermidade autoinmune ou anticorpo.*
- *Elabora un texto para expoñelo na clase sobre os síntomas, causas e curación dalgunha enfermidade infecciosa.*
- *Redacta un texto que describa algunha técnica de diagnóstico actual.*
- *Utiliza con corrección a linguaxe adquirida nos debates propostos en diferentes actividades, como os cambios do xuramento hipocrático ou os experimentos de Jenner.*
- *Realiza a lectura comprensiva dos textos propostos.*
- *Interpreta gráficos sobre a porcentaxe, por sexos, do consumo de alcohol e outras drogas.*
- *Realiza cálculos de porcentaxes para cuantificar resultados dunha enquisa.*
- *Deseña carteis de campañas de prevención contra o consumo de drogas, alcohol e tabaco.*
- *Busca información sobre os efectos das anfetaminas e realiza un resumo.*
- *Cita as claves para unha alimentación sa e equilibrada.*

- *Explica os hábitos saudables necesarios para conservar a saúde.*
- *Coñece como inflúe a pobreza na deterioración da saúde.*
- *Valora a importancia de realizar actividades en grupo e ao aire libre, como o sendeirismo.*
- *Investiga sobre a importancia da manipulación dos alimentos.*
- *Coñece a importancia que tivo na medicina a creación de academias, a asepsia, o desenvolvemento das industrias farmacéuticas e a atención primaria.*
- *Recoñece a importancia das vacinas na erradicación de moitas enfermidades e dos antibióticos, en especial da penicilina, na curación de enfermidades bacterianas.*
- *Coñece os retos que ten a medicina actual na prevención e a curación de enfermidades, como a loita contra o cancro, a investigación con células nai, etc.*
- *Busca información en fontes fiables para responder as actividades que requiren investigar determinados aspectos propostos na unidade.*
- Completa o mapa conceptual da unidade a partir dos coñecementos adquiridos.
- Elabora esquemas e resumos.
- Compara conceptos mediante a construción de táboas.
- Autoavalíase escribindo as ideas principais da unidade e realizando as actividades de peche.
- Coopera cos compañeiros e compañeiras na realización de actividades.
- Respecta as opinións expresadas polos compañeiros e compañeiras no debate sobre o papel que teñen os medios de comunicación na toma de decisións políticas ou sanitarias.
- Recoñece a diferenzas sanitarias entre os países de ingreso alto e os de ingreso baixo.
- Leva un caderno de apuntamentos aseado e coas actividades ao día, e consulta as dúbidas que se xeren.
- Mostra iniciativa á hora de intervir nas actividades propostas e respecta as opinións alleas.
- Valora os debuxos que nos permiten ver como son os diferentes tipos de leucocitos, como se produce unha resposta inflamatoria e inmunitaria ou como actúa unha vacina.
- Coñece como se ensinaba medicina no antigo Exipto por algunhas pinturas, ou como era Hipócrates por unha escultura.

6.5. TEMPORALIZACIÓN

Esta temporalización é aproximada e poderá ser adaptada ás necesidades de cada grupo, ou revisada puntualmente nas reunións do Departamento.

MES:	UNIDADES:
Setembro Outubro Novembro Decembro (35h. aprox.)	1. A ciencia e a información. 2. O coñecemento do universo. 3. Tecnoloxía, recursos e medio.
Xaneiro Febreiro Marzo (27 h. aprox.)	4. A enerxía e o desenvolvemento sostible. 5. As enfermidades e os problemas sanitarios.
Abril Maio Xuño (30 h. aprox.)	6. Conservación da saúde e calidade de vida. 7. Os materiais e a sociedade. REPASO

6.6. CONTIDOS MÍNIMOS

Os contidos mínimos serán os estándares de aprendizaxe que figuran en *cursiva* nesta programación, cun grao de consecución do 100%, das seguintes unidades:

- A ciencia e a información.
- O coñecemento do universo.
- Tecnoloxía, recursos e medio.
- A enerxía e o desenvolvemento sostible.
- Os materiais e a sociedade.
- As enfermidades e os problemas sanitarios.
- Conservación da saúde e calidade de vida.

6.7. CRITERIOS METODOLÓXICOS:

A finalidade da materia é adquirir coñecementos esenciais que se inclúen no currículo e as estratexias do método científico, o alumnado deberá desenvolver actitudes conducentes á reflexión e análise sobre os grandes avances científicos da actualidade, as súas vantaxes e as súas implicacións éticas. É necesario desenvolver certo grao de adestramento individual en procedementos básicos da materia, como a xeración de hipóteses, a comprobación de datos, o traballo de investigación e a comunicación científica.

Nalgúns aspectos da materia, o traballo en grupo colaborador achega unha ferramenta perfecta para discutir e afondar en contidos de carácter transversal. Por último, é indispensable a vinculación a contextos reais, e xerar posibilidades de aplicación dos contidos adquiridos.

Metodoloxía didáctica

- O método máis utilizado será o **expositivo**.
- Nalgunha unidade utilizarase o **estudo de casos**, porque permite traballar en situacións contextualizadas, e **proxectos** sinxelos para que eles mesmos colaboren na procura de información.
- Tamén traballarase con **mapas mentais** ou **mapas conceptuais** para establecer os fíos condutores das unidades didácticas.

6.7.1 Secuenciación do traballo na aula

De maneira xeral procurárase tratar os seguintes puntos:

- 1) **Resolución das dúbidas**, e **resolución dos exercicios** propostos.
- 2) **Actividades iniciais ou de motivación**, para introducir novos coñecementos, interesar ó alumnado, e sobre todo, facer explícitas as ideas preconcebidas que posúen sobre os contidos que pretendemos traballar. Poden ir acompañadas de preguntas para coñecer o nivel que se necesita na exposición do tema.
- 3) **Exposición do tema** acompañada con todo tipo de materiais audiovisuais, informáticos, convencionais (coleccións, taboleiro, diapositivas, fotocopias...), e fragmentos de documentais. A exposición basearase principalmente no libro de texto.
- 4) Realización de **actividades de consolidación e experiencias** do libro de texto, información de internet.
- 5) Actividades de **reforzo e ampliación** obtida dos xornais, da web, e doutros libros relacionados coa materia, para o alumnado que avanza a **diferente velocidade** que a maioría do grupo.
- 6) Actividades de **busca de información, concienciación, e globalizadoras**, e de **análise e reflexión** dos problemas relacionados coa ciencia na sociedade actual.
- 7) Actividades **extraescolares** organizadas polo Departamento para esta materia.

6.7.2 Avaliación

Mediante os seguintes **instrumentos de avaliación**:

- Probas escritas de avaliación e de recuperación
- Probas orais.
- Expresión, exposición, concreción, redacción, presentación e claridade dos traballos propostos.
- Exercicios do libro de texto ou de repaso.
- Elaboración de resumos coas ideas principais das unidades.
- Observación do grao de participación nas actividades didácticas e actitude na aula .
- Seguimento dos cadernos de aula.
- Traballos de investigación bibliográfica.

7

BIOLOXÍA E XEOLOXÍA DE 1^{eiro} DE BACHARELATO

7.1. OBXECTIVOS

1. Aplicar os conceptos, leis e teorías máis importantes da Bioloxía e a Xeoloxía, na análise de feitos e fenómenos naturais.
2. Elaborar unha hipótese explicativa que relacione o modelo xeoquímico e o dinámico da Terra e permita comprender o comportamento físico do planeta.
3. Interpretar os fenómenos xeolóxicos asociados ás placas litosféricas mediante a teoría da tectónica de placas.
4. Analizar os modelos de organización dos seres vivos describindo algúns caracteres morfolóxicos e fisiolóxicos.
5. Establecer relacións entre evolución e distribución dos seres vivos á luz da teoría da evolución integrando os acontecementos puntuais de crises que sinala a xeoloxía, para chegar á proposta do equilibrio puntuado.
6. Utilizar procedementos e estratexias científicas, e modelos representativos usados no ámbito científico, como táboas, claves dicotómicas, gráficas, diagramas, debuxos, esquemas, fotografías... para a resolución de cuestións relacionadas coa Bioloxía e a Xeoloxía.
7. Recompilar, elaborar e sintetizar diferentes informacións relacionadas coa Bioloxía e a Xeoloxía utilizando diferentes fontes bibliográficas e Tecnoloxías da Información e Comunicación.
8. Valorar de forma crítica as implicacións que os avances en Bioloxía e Xeoloxía teñen sobre a calidade de vida, o medio ambiente e os seres vivos, analizando a forma de contribuír a facer fronte aos graves problemas que hipotecan o futuro de Galicia e do noso planeta.
9. Planificar individualmente e en grupo o deseño e realización de investigacións relacionadas coa Bioloxía e a Xeoloxía, recoñecendo que o coñecemento científico se atopa en continua elaboración, exposto a revisións e modificacións continuas.
10. Describir as implicacións das actuacións dos seres humanos sobre o relevo, os ecosistemas e outros seres vivos, analizando a relación que se establece entre desenvolvemento científico, técnica e sociedade.
11. Desenvolver actitudes relacionadas coa investigación científica, como a visión crítica, a necesidade de verificación, o interese polo traballo cooperativo e a aplicación e a difusión do coñecemento, o cuestionamento das apreciacións intuitivas e a apertura a novas ideas.
12. Localizar as principais unidades paisaxísticas de Galicia, destacando a importancia da súa riqueza

biolóxica e a necesidade conservala de forma sustentable.

13. Recompilar, elaborar, sintetizar e comunicar diferentes informacións relacionadas coa Bioloxía e a Xeoloxía, utilizando diferentes fontes: a biblioteca escolar, os medios de comunicación e as Tecnoloxías da Información e a Comunicación.

7.2. CONTIDOS

Unidade 1. **A natureza básica da vida.**

- A unidade química dos seres vivos.
- A auga.
- Os sales minerais.
- Os glúcidos.
- Os lípidos.
- As proteínas.
- Os ácidos nucleicos.
- Das moléculas á vida.

Unidade 2. **A organización celular dos seres vivos.**

- A teoría celular.
- Que teñen en común todas as células?.
- As células dos animais.
- As células das plantas.
- Das células procariotas ás eucariotas.
- Como se nutren as células?.
- Como se relacionan as células?.
- O ciclo de vida das células. A reprodución.

Unidade 3. **A organización pluricelular dos seres vivos.**

- Dos organismos unicelulares aos pluricelulares.
- Os tecidos vexetais.
- Os tecidos animais.
- O sangue e a linfa. Uns tecidos especiais.
- Identificación de tecidos.
- O medio interno.
- Os niveis de organización.

Unidade 4. **A biodiversidade: orixe e conservación.**

- Que é a biodiversidade?.
- A orixe da biodiversidade.
- Como se orixinan novas especies.
- A adaptación das especies.
- A distribución xeográfica da biodiversidade.
- Os grandes biomas.
- A conservación da biodiversidade.

Unidade 5. **A clasificación dos seres vivos.**

- A clasificación das especies.
- Reinos, dominios e imperios.
- A árbore da vida.

- A diversidade das plantas.
- A diversidade dos animais.

Unidade 6. **A nutrición nas plantas.**

- Funcións vitais nos organismos pluricelulares.
- Problemas relacionados coa nutrición.
- Como incorporan as plantas o alimento?.
- Como transportan os nutrientes polo seu interior?.
- Estruturas vexetais especializadas na nutrición.
- A fotosíntese como eixe da nutrición autótrofa.
- Como excretan os produtos de refugallo as plantas?.
- Visión xeral da nutrición nas plantas
- Adaptacións nutricionais dalgunhas plantas.
- Importancia das plantas nos ecosistemas.

Unidade 7. **A nutrición en animais I: respiración e dixestión.**

- Como incorporan o alimento os animais?.
- Como se produce o intercambio gasoso?.
- Os tipos de respiración en animais.
- Alimentos líquidos e sólidos: procesos dixestivos.
- A captura de alimento.
- A evolución dos sistemas dixestivos.
- A organización do tubo dixestivo.
- O sistema dixestivo humano.

Unidade 8. **A nutrición en animais II: circulación e excreción.**

- O medio interno e os sistemas circulatorios.
- Funcionamento básico dun sistema circulatorio.
- As funcións do sistema circulatorio.
- Os tipos de sistemas circulatorios.
- O sistema circulatorio nos vertebrados.
- O sistema circulatorio nos mamíferos.
- A excreción animal.
- O ril nos mamíferos.

Unidade 9. **A relación e reprodución nas plantas.**

- As plantas relaciónanse co seu medio.
- As hormonas vexetais.
- As plantas reproducense.
- A meiose.
- Os ciclos biolóxicos.
- Reprodución sexual en espermatófitas.

Unidade 10. **A relación e coordinación en animais.**

- A relación en animais.
- A evolución da coordinación hormonal.
- A evolución do sistema nervioso.
- A estrutura celular do sistema nervioso.
- Organización e funcionamento das neuronas.
- Integración e control da coordinación.

- O comportamento animal.

Unidade 11. **A reprodución dos animais.**

- A reprodución asexual e sexual.
- A formación dos gametos.
- A fecundación.
- Os sistemas reprodutores.
- O desenvolvemento embrionario.
- O desenvolvemento postembrionario.
- A intervención humana na reprodución animal.

Unidade 12. **Historia da vida e da Terra.**

- Os fósiles e a información que proporcionan.
- Métodos de datación. Idade relativa.
- Métodos de datación. Idade absoluta.
- O tempo xeotóxico e a súa división.
- O Precámbrico, un comezo difícil.
- O Paleozoico, unha explosión de vida.
- Mesozoico e Cenozoico: os últimos 250 Ma.
- A orixe da especie humana.

Unidade 13. **Estrutura interna e composición da Terra.**

- Como é o interior terrestre? Primeiros datos directos.
- Sismos e ondas sísmicas.
- A temperatura do interior terrestre e os seus efectos.
- Unha mirada ao exterior: os meteoritos.
- Unha Terra estruturada en capas.
- Isostase.

Unidade 14. **Tectónica de placas.**

- O nacemento dunha idea.
- Da deriva continental á tectónica de placas.
- A dorsal e a súa dinámica.
- Zonas de subdución.
- Límites transformantes.
- A tectónica de placas: unha perspectiva global.
- Cambios na tectónica de placas desde a súa fundación.

Unidade 15. **Magmatismo e tectónica de placas.**

- A orixe do magma.
- Diversidade de magmas.
- Vulcanismo intraplaca.
- Emprazamentos e morfoloxías magmáticas.
- Texturas das rochas magmáticas.
- Tipos de rochas ígneas.
- Risco volcánico.

Unidade 16. **Manifestacións da dinámica litosférica.**

- Diversidade de procesos xeolóxicos.

- División continental.
- Formación das cordilleiras.
- Deformacións das rochas.
- Metamorfismo e rochas metamórficas.
- O ciclo de Wilson.

Unidade 17. **Os procesos externos e as rochas que orixinan.**

- Procesos xeolóxicos externos.
- Facies sedimentarias.
- Diaxénese.
- Rochas sedimentarias.
- Utilidade das rochas.

Unidade 18. **Como funciona a Terra.**

- A Terra analizada como un sistema.
- O relevo como resultado da interacción.
- As interaccións desde unha perspectiva complexa.
- Cambio climático.
- O quecemento global.
- Os riscos xeolóxicos e o sistema Terra.

7.2.1. EXPERIENCIAS PRÁCTICAS

1^{eira} Avaliación

- Observación e descrición de minerais.
- Observación de rochas. Relación entre características, composición e xénese das rochas.
- Caracterización de sedimentos detríticos.
- Observación e descrición de fósiles.

2^a Avaliación

- Recoñecemento de principios inmediatos nos alimentos: Glúcidos.
- Recoñecemento de principios inmediatos nos alimentos: Proteínas.
- Gránulos de amidón en parénquima de reserva (pataca).
- Observación de tecidos animais e vexetais.

3^{eira} Avaliación

- Elaboración dun cariotipo.
- Observación de diferentes tipos de flor.
- Disección dun corazón.
- Recoñecemento das partes dos diferentes aparellos do corpo humano

7.3. CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE EN RELACIÓN COAS COMPETENCIAS CLAVE (CC)

Unidade 1. A natureza básica da vida.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	CC	PESO %	INSTRUMENTOS
B1.1. Especificar as características que definen os seres vivos.	<i>BXB1.1.1. Describe as características que definen os seres vivos: funcións de nutrición, relación e reprodución.</i>	CL, CMCCT	18	PE, CC
B1.2. Distinguir bioelemento, oligoelemento e biomolécula.	<i>BXB1.2.1. Enumera e clasifica os distintos bioelementos e explica as propiedades polas que forman parte das biomoléculas.</i>	CAA, CMCCT	18	PE, CC
B1.3. Diferenciar e clasificar os diferentes tipos de biomoléculas relacionándoas coas súas respectivas funcións biolóxicas.	<i>BXB1.3.1. Distingue as características fisicoquímicas e propiedades das moléculas básicas que configuran a estrutura celular, destacando a uniformidade molecular dos seres vivos.</i>	CAA, CMCCT	18	PE, CC
B1.4. Diferenciar cada un dos monómeros constituíntes das macromoléculas orgánicas recoñecendo os tipos de enlaces que se establecen entre eles para constituílas.	<i>BXB1.4.1. Identifica cada un dos monómeros constituíntes das macromoléculas orgánicas e os enlaces que os unen.</i>	CAA, CMCCT	18	PE, CC
B1.5. Recoñecer algunhas macromoléculas cuxa forma espacial está directamente relacionada coa función que desempeñan.	<i>BXB1.5.1. Asocia e pon exemplos de biomoléculas relacionando a función biolóxica coa súa estrutura tridimensional.</i>	CAA, CMCCT	18	PE, CC
B10.6. Aplicar procedementos básicos da metodoloxía científica.	BXB10.6.1. Localiza información fiable para sustentar unha investigación.	CL, CAA, CMCCT	3,3	TI, TG
B10.7. Tomar conciencia dos continuos cambios aos que están sometidas as teoría científicas.	BXB10.7.1. Analiza e explica experiencias e feitos relevantes que cambiaron os paradigmas científicos.	CL, CAA, CMCCT	3,3	TI, TG
B10.8. Utilizar o ordenador para afianzar e autoavaliar os contidos traballados na unidade.	BXB10.8.1. Usa o ordenador para afianzar e desenvolver o coñecemento en Biología e Xeoloxía.	CD, CMCCT	3,3	TI, TG

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

- PE Proba escrita
- TI Traballo individual
- TG Traballo en grupo
- CC Caderno de clase ou laboratorio

Unidade 2. **A organización celular dos seres vivos.**

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	CC	PESO %	INSTRUMENTOS
B2.1. Comprender os postulados da Teoría Celular como principios comúns a todos os seres vivos.	<i>BXB2.1.1. Interpreta a célula como unha unidade estrutural, funcional e xenética dos seres vivos.</i>		12,8	PE, CC
B2.2. Distinguir unha célula procariota dunha eucariota e unha célula animal dunha vexetal, analizando as súas semellanzas e diferenzas e establecendo a relación evolutiva entre as células procariotas e eucariotas.	<i>BXB2.2.1. Recoñece e compara as células procariotas e eucariotas, animais e vexetais.</i>	CL, CMCCT	12,8	PE, CC
B2.3. Comparar as diferenzas estruturais e metabólicas entre células animais, vexetais e os fungos.	<i>BXB2.3.1. Recoñece as diferenzas estruturais e metabólicas entre células animais, vexetais e os fungos.</i>		12,8	PE, CC
B2.4. Identificar os orgánulos celulares describindo a súa estrutura e función.	<i>BXB2.4.1. Representa e recoñece esquemas dos orgánulos celulares asociando cada orgánulo coa súa función ou funcións.</i>		12,8	PE, CC
B2.5. Realizar observacións ao microscopio óptico e interpretar imaxes de microscopía electrónica.	<i>BXB2.5.1. Recoñece e nomea mediante microfotografías ou preparacións microscópicas células animais e vexetais ou os seus orgánulos.</i>	CAA, CMCCT	12,8	PE, CC
B2.6. Recoñecer as fases da mitose.	<i>BXB2.6.1. Describe os acontecementos fundamentais en cada unha das fases da mitose.</i>	CD, CMCCT	12,8	PE, CC
B2.7. Coñecer as estruturas doutros tipos de organizacións non celulares.	<i>BXB2.7.1. Recoñece e explica a estrutura dos virus.</i>	CL, CMCCT	12,8	PE, CC
B10.8. Aplicar procedementos básicos da metodoloxía científica.	BXB10.8.1. Recoñece os procedementos comúns a todas as investigacións científicas.	CL, CAA, CMCCT	5	TI, TG
B10.9. Utilizar o ordenador para afianzar e autoavaliar os contidos traballados na unidade.	BXB10.9.1. Usa o ordenador para afianzar e desenvolver o coñecemento da área de Bioloxía e Xeoloxía.	CD, CMCCT	5	TI, TG

Unidade 3. **A organización pluricelular dos seres vivos.**

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	CC	PESO %	INSTRUMENTOS
-------------------------	---------------------------	----	--------	--------------

B3.1. Diferenciar os distintos niveis de organización celular interpretando como se chega ao nivel tisular e valorando a vantaxe evolutiva deste nivel.	<i>BXB3.1.1. Identifica os distintos niveis de organización celular e determina as vantaxes do nivel tisular para os seres pluricelulares.</i>	CAA, CMCCT	30	PE, CC
B3.2. Recoñecer a estrutura e composición dos tecidos animais e vexetais relacionándoos coas funcións que realizan e mediante a observación de mostras ou imaxes de microscopía, tomadas persoalmente ou a través de buscas en bibliografía ou en internet.	<i>BXB3.2.1. Relaciona tecidos animais e/ou vexetais coas súas células características, asociando a cada unha delas a función que realiza.</i>	CD, CAA, CMCCT	30	PE, CC
B3.3. Asociar imaxes microscópicas co tecido ao que pertencen.	<i>BXB3.3.1. Relaciona imaxes microscópicas co tecido ao que pertencen</i>	CAA, CMCCT	30	PE, CC
B10.4. Recoñecer os límites que ten a ciencia.	BXB10.4.1. Recoñece os límites que ten a ciencia e diferencia os feitos das crenzas.	CD, CAA, CMCCT	3,3	TI, TG
B10.5. Tomar conciencia dos continuos cambios aos que están sometidas as teorías científicas.	BXB10.5.1. Analiza e explica experiencias e feitos relevantes que cambiaron os paradigmas científicos.	CL, CAA, CMCCT	3,3	TI, TG
B10.6. Utilizar o ordenador para afianzar e autoavaliar os contidos traballados na unidade.	BXB10.6.1. Usa o ordenador para afianzar e desenvolver o coñecemento da área de Biología e Xeoloxía.	CD, CMCCT	3,3	TI, TG

Unidade 4. A biodiversidade: orixe e conservación.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	CC	PESO %	INSTRUMENTOS
B4.1. Definir o concepto de biodiversidade e coñecer os principais índices de cálculo de diversidade biolóxica.	<i>BXB4.1.1. Coñece o concepto de biodiversidade e relaciona este concepto coa variedade e abundancia de especies.</i>	CAA, CMCCT	3,2	PE, CC
	<i>BXB4.1.2. Resolve problemas de cálculo de índices de diversidade biolóxica.</i>		3,2	PE, CC
B4.2. Relacionar a biodiversidade co proceso evolutivo.	<i>BXB4.2.1. Relaciona a biodiversidade co proceso de formación de especies mediante cambios evolutivos.</i>		3,2	PE, CC
	<i>BXB4.2.2. Identifica o proceso de selección natural e a variabilidade individual como factores clave no aumento de biodiversidade.</i>		3,2	PE, CC
B4.3. Describir o proceso de especiación e enumerar os	<i>BXB4.3.1. Enumera as fases da especiación.</i>	CCEC, CMCCT	3,2	PE, CC

factores que o condicionan.	<i>BXB4.3.2. Identifica os factores que favorecen a especiación.</i>		3,2	PE, CC
B4.4. Coñecer a importancia das illas como lugares que contribúen á biodiversidade e á evolución das especies.	<i>BXB4.4.1. Enumera os factores que favorecen a especiación nas illas.</i>		3,2	PE, CC
	<i>BXB4.4.2. Recoñece a importancia das illas no mantemento da biodiversidade.</i>		3,2	PE, CC
B4.5. Definir o concepto de endemismo e coñecer os principais endemismos da flora e a fauna españolas.	<i>BXB4.5.1. Define o concepto de endemismo ou especie endémica.</i>	CL, CMCCT	3,2	PE, CC
	<i>BXB4.5.2. Identifica os principais endemismos de plantas e animais en España.</i>	CCEC, CMCCT	3,2	PE, CC
B4.6. Valorar a importancia da latitude, a altitude e outros factores xeográficos na distribución das especies.	<i>BXB4.6.1. Relaciona a latitude, a altitude, a continentalidade, a insularidade e as barreiras oroxénicas e mariñas coa distribución das especies.</i>		3,2	PE, CC
B4.7. Situar as grandes zonas bioxeográficas e os principais biomas.	<i>BXB4.7.1. Identifica os grandes biomas e sitúa sobre o mapa as principais zonas bioxeográficas.</i>	CAA, CMCCT	3,2	PE, CC
	<i>BXB4.7.2. Diferencia os principais biomas e ecosistemas terrestres e mariños.</i>		3,2	PE, CC
B4.8. Relacionar as zonas bioxeográficas coas principais variables climáticas.	<i>BXB4.8.1. Recoñece e explica a influencia do clima na distribución de biomas, ecosistemas e especies.</i>	CL, CMCCT	3,2	PE, CC
	<i>BXB4.8.2. Identifica as principais variables climáticas que inflúen na distribución dos grandes biomas.</i>		3,2	PE, CC
B4.9. Interpretar mapas bioxeográficos e determinar as formacións vexetais correspondentes.	<i>BXB4.9.1. Interpreta mapas bioxeográficos e de vexetación.</i>		3,2	PE, CC
	<i>BXB4.9.2. Asocia e relaciona as principais formacións vexetais cos biomas correspondentes.</i>	CAA, CMCCT	3,2	PE, CC
B4.10. Recoñecer a importancia bioxeográfica da Península Ibérica no mantemento da biodiversidade	<i>BXB4.10.1. Sitúa a Península Ibérica e recoñece a súa situación entre dúas áreas bioxeográficas diferentes.</i>		3,2	PE, CC
	<i>BXB4.10.2. Recoñece a importancia da Península Ibérica como mosaico de ecosistemas.</i>	CCEC, CAA, CMCCT	3,2	PE, CC
	<i>BXB4.10.3. Enumera os principais ecosistemas da Península Ibérica e as súas especies máis representativas.</i>	CL, CMCCT	3,2	PE, CC

B4.11. Coñecer as aplicacións da biodiversidade en campos como a saúde, a medicina, a alimentación e a industria.	11.1. Enumera e valora as vantaxes que se derivan do mantemento da biodiversidade para o ser humano.		3,2	PE, CC
	BXB4.11.2. Sinala algunhas aplicacións da biodiversidade en campos como a saúde, a medicina, a alimentación e a industria.	CSC, CMCCT	3,2	PE, CC
B4.12. Coñecer as principais causas de perda de biodiversidade, así como e as ameazas máis importantes para a extinción de especies.	BXB4.12.1. Enumera as principais causas de perda de biodiversidade.	CL, CMCCT	3,2	PE, CC
	BXB4.12.2. Coñece e explica as principais ameazas das especies e que fomentan a súa extinción.		3,2	PE, CC
B4.13. Enumerar as principais causas de orixe antrópica que alteran a biodiversidade.	BXB4.13.1. Enumera as principais causas de perda de biodiversidade derivadas das actividades humanas.	CSC, CMCCT	3,2	PE, CC
	BXB4.13.2. Indica as principais medidas que reducen a perda de biodiversidade.		3,2	PE, CC
B4.14. Comprender os inconvenientes producidos polo tráfico de especies exóticas e pola liberación ao medio de especies alóctonas, algunhas delas invasoras.	BXB4.14.1. Coñece e explica os principais efectos derivados da introdución de especies alóctonas nos ecosistemas.	CL, CMCCT	3,2	PE, CC
	BXB4.14.2. Enumera algunha das principais especies alóctonas invasoras en España.		3,2	PE, CC
B4.15. Describir as principais especies e valorar a biodiversidade dun ecosistema próximo.	BXB4.15.1. Deseña experiencias para o estudo de ecosistemas e a valoración da súa biodiversidade.	CSIEE, CMCCT	2	TI, TG
	BXB4.15.2. Describe as principais especies dun ecosistema próximo.		2	TI, TG
B10.16. Presentar problemas relevantes como punto de partida dunha investigación e propoñer hipóteses para contrastalas a través da observación e a argumentación.	BXB4.16.1. Interpreta as observacións do medio natural para explicar como experimenta a natureza.	CL, CAA, CMCCT	2	TI, TG
B10.17. Xustificar a influencia da ciencia nas actividades humanas e na forma de pensar da sociedade en diferentes épocas.	BXB4.17.1. Analiza as controversias que as observacións científicas poden provocar na sociedade en diferentes épocas.	CL, CAA, CMCCT	2	TI, TG
B10.18. Utilizar o ordenador para afianzar e autoavaliar os contidos traballados na unidade.	BXB4.18.1. Usa o ordenador para afianzar e desenvolver o coñecemento da área de Bioloxía e Xeoloxía.	CD, CMCCT	2	TI, TG

Unidade 5. **A clasificación dos seres vivos.**

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	CC	PESO %	INSTRUMENTOS
B4.1. Coñecer os grandes grupos taxonómicos de seres vivos.	<i>BXB4.1. Identifica os grandes grupos taxonómicos dos seres vivos.</i>	CAA, CMCCT	15	PE, CC
	<i>BXB4.1.2. Aprecia o reino vexetal como desencadeante da biodiversidade.</i>	CSC, CMCCT	15	PE, CC
B4.2. Interpretar os sistemas de clasificación e nomenclatura dos seres vivos.	<i>BXB4.2.1. Coñece e utiliza claves dicotómicas ou outros medios para a identificación e clasificación de diferentes especies de animais e plantas.</i>		15	PE, CC
B4.3. Coñecer as características dos tres dominios e os cinco reinos nos que se clasifican os seres vivos.	<i>BXB4.3.1. Recoñece os tres dominios e os cinco reinos nos que se agrupan os seres vivos.</i>	CAA, CMCCT	15	PE, CC
	<i>BXB4.3.2. Enumera as características de cada un dos dominios e dos reinos nos que se clasifican os seres vivos.</i>		15	PE, CC
B10.4. Identificar seres vivos mediante claves dicotómicas.	<i>BXB10.4.1. Utiliza claves dicotómicas para identificar organismos.</i>		15	PE, CC
B10.5. Xustificar a influencia da ciencia nas actividades humanas, realizar as tarefas académicas ou da vida cotiá con rigor e tomar decisións fundamentadas ante actuacións relacionadas coa ciencia e a tecnoloxía.	<i>BXB10.5.1. Analiza e explica experiencias e feitos relevantes para a ciencia e a tecnoloxía.</i>	CCL, CAA, CMCCT	5	TI, TG
B10.6. Utilizar o ordenador para afianzar e autoavaliar os contidos traballados na unidade.	<i>BXB10.6.1. Usa o ordenador para afianzar e desenvolver o coñecemento da área de Biología e Xeoloxía.</i>	CD, CMCCT	5	TI, TG

Unidade 6. **A nutrición nas plantas.**

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	CC	PESO %	INSTRUMENTOS
B5.1. Recoñecer os principais procesos e estruturas ligados á nutrición dos organismos pluricelulares	<i>BXB5.1.1. Identifica procesos e estruturas relacionados coas funcións vitais.</i>	CL, CMCCT	6,4	PE, CC
B5.2. Describir como se realiza a absorción de auga e sales minerais.	<i>BXB5.2.1. Describe os procesos de absorción da auga e os sales minerais.</i>		6,4	PE, CC

B5.3. Coñecer a composición do zume bruto e os seus mecanismos de transporte.	<i>BXB5.3.1. Coñece e explica a composición do zume bruto e os seus mecanismos de transporte.</i>	CAA, CMCCT	6,4	PE, CC
B5.4. Explicar os procesos de transpiración, intercambio de gases e gutación.	<i>BXB5.4.1. Describe os procesos de transpiración, intercambio de gases e gutación</i>		6,4	PE, CC
	<i>BXB5.4.2. Analiza a influencia de factores como a temperatura nos procesos de transpiración e intercambio de gases.</i>		6,4	PE, CC
B5.5. Coñecer a composición do zume elaborado e os seus mecanismos de transporte	<i>BXB5.5.1. Explica a composición do zume elaborado e razoa os seus mecanismos de transporte.</i>		6,4	PE, CC
B5.6. Comprender as fases da fotosíntese, os factores que a afectan e a súa importancia biolóxica.	<i>BXB5.6.1. Detalla os principais feitos que ocorren durante cada unha das fases da fotosíntese asociándoos aos orgánulos onde se producen.</i>		6,4	PE, CC
	<i>BXB5.6.2. Analiza os efectos sobre a fotosíntese de diferentes factores (luz, CO₂, temperatura...).</i>		6,4	PE, CC
	<i>BXB5.6.3. Argumenta e precisa a importancia da fotosíntese como proceso de biosíntese</i>		6,4	PE, CC
B5.7. Explicar a función de excreción en vexetais e as substancias producidas polos tecidos secretores.	<i>BXB5.7.1. Recoñece algún exemplo de excreción en vexetais.</i>		6,4	PE, CC
	<i>BXB5.7.2. Relaciona os tecidos secretores e as substancias que producen indicando algún exemplo.</i>		6,4	PE, CC
B5.8. Recoñecer as adaptacións máis características dos vexetais aos diferentes medios nos que habitan.	<i>BXB5.8.1. Recoñece adaptacións nutricionais nas plantas.</i>		6,4	PE, CC
B10.9. Buscar e seleccionar información sobre temas científicos de forma contrastada en distintos medios.	<i>BXB10.9.1. Busca información sobre métodos alternativos de cultivos e opina sobre o impacto que poderían ter no futuro.</i>		6,4	PE, CC
B10.10. Tomar conciencia de como evoluciona o coñecemento científico e da súa influencia na mellora na calidade de vida.	<i>BXB10.10.1. Analiza e explica experiencias e feitos relevantes para o coñecemento da nutrición vexetal.</i>	6,4	PE, CC	
B10.11. Diseñar e realizar traballos experimentais aplicando destrezas do traballo científico (control de variables, rexistro sistemático de observacións e resultados, etc.).	<i>BXB10.11.1. Aplica a identificación e control de variables para contrastar a validez dunha hipótese.</i>	3,3	TI, TG	
	<i>BXB10.11.2. Realiza experiencias que demostren a intervención de determinados factores no funcionamento das plantas.</i>	3,3	TI, TG	

- Realización de traballos: Dado que o traballo en equipo é esencial nas Ciencias Ambientais, preténdese fomentar a capacidade de cooperación, tanto na análise da información, como na toma de decisións, por este motivo os traballos realizaranse en grupos de 3 a 5 alumnos, dependendo do número total de alumnos na aula. Para esta investigación, os alumnos deben buscar nas publicacións *on line* ou en papel, estudar lexislación, plans e proxectos, seleccionar a información, elaborala e presentala. O resultado da investigación deberá presentarse en formato escrito, e mediante presentación oral aos compañeiros. En cada avaliación realízanse dous traballos de investigación. Para a súa elaboración, cada semana dedicarase unha sesión dedicarase ao traballo na aula.

10.7.2 Avaliación

- Probas escritas de avaliación e recuperación.
- Análise de producións: exercicios do libro, cuestionarios, mapas ...
- Traballos de investigación en grupo.
- Exposicións orais dos traballos realizados.
- Observación do traballo na aula.

11

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación do proceso de aprendizaxe debe ser un proceso continuo, sistemático, flexible e integrador, que ten como obxectivos:

- Coñecer a situación de partida dos compoñentes que inciden no proceso no momento en que se propón a avaliación.
- Facilitar a formulación dun modelo de actuación adecuado ao contexto, en función dos datos anteriores.
- Seguir a evolución do desenvolvemento e aprendizaxe dos alumnos.
- Tomar as decisións necesarias para adecuar o deseño e desenvolvemento da nosa acción educadora ás necesidades e logros detectados nos alumnos nos seus procesos de aprendizaxe.

Debido ao carácter operativo da materia, será necesaria a comprobación obxectiva da consecución dos obxectivos didácticos en forma de capacidades e competencias, que os alumnos deberán ter adquirido.

A información necesaria para realizar a nosa avaliación recollerase a través dos seguintes **instrumentos**:

- Probas escritas.
- Probas orais.
- Expresión, exposición, concreción, redacción, presentación e claridade dos traballos propostos.
- Exercicios do libro de texto ou de repaso.
- Elaboración de resumos coas ideas principais das unidades.
- Observación do grao de participación nas actividades didácticas e actitude na aula e no laboratorio.
- Seguimento dos cadernos/informes de laboratorio.
- Traballos de investigación bibliográfica.

Para poder organizar esta información e coñecer os aspectos concretos do aprendizaxe poderase empregar un caderno de observación onde queden reflexadas as actividades do alumnado:

	MOI MAL	MAL	REGU LAR	BEN	MOI BEN
Exprésase correctamente					
Participa activamente nos debates					
Fai uso correcto da terminoloxía					
Respecta as normas de convivencia					
Interésase pola realización correcta das experiencias					
Manexa axeitadamente as fontes de información					
Mostra interese na aplicación das técnicas de laboratorio e de traballo de campo					
Coopera cos compañeiros no traballo en equipo					
Acepta e respecta as suxerencias dos demais					
Participa activamente no traballo en equipo					
Presenta capacidade crítica diante das informacións que recibe					
É creativo					
Fai uso axeitado das técnicas específicas da área					
Remata os traballos					
Fai uso correcto do material					
Mostra inquietudo pola conservación do medio					
Prepara os traballos de forma ordenada e limpa					
Interésase pola razón dos seus erros e intenta corrixilos					
Asimila os conceptos traballados ao longo do proceso de aprendizaxe					
Respecta o medio e os elementos obxecto de estudio					
Valora os avances científicos e a súa aportación á sociedade					

12 PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN

Ademáis das actividades de aprendizaxe e aplicación, os alumnos/as farán probas ou exercicios escritos, que poderán ser:

- 1) **De diagnóstico** ó comenzo do curso, que permitirá coñecer a situación de partida e adecuar os contidos aos coñecementos previos e as necesidades do alumnado.
- 2) **Probas escritas de avaliación:** A medida que se teñan explicado e estudiado as unidades didácticas, realizaranse probas escritas sobre os aspectos traballados dunha ou máis unidades segundo a súa extensión. As probas poderán ser de diferentes tipos, como por exemplo:
 - a) De elaborar a totalidade da resposta, sendo recomendable que sexan de respostas breves.
 - b) Tipo test.
 - c) De relacionar conceptos.
 - d) Completar esquemas ou debuxos.
 - e) De análise de textos para valorar o pensamento crítico do alumnado.

A nota global dos exercicios escritos de cada período de avaliación será a media numérica das notas obtidas en cada unha das probas de avaliación.

- 3) **Probas de repaso:** Nas materias de 2º de bacharelato, en cada período de avaliación poderán facerse probas baseadas nos exames de selectividade de anos anteriores.
- 4) **Probas de recuperación da avaliación:** Aqueles alumnos que non teñan superado unha avaliación farán unha proba escrita da totalidade dos contidos do período a avaliar. Esta proba poderá realizarse arredor da data de avaliación ou ao final do curso.

Os criterios de recuperación serán os indicados para a avaliación en cada unidade. Tamén poderán deseñarse actividades específicas que axuden aos alumnos/as a cumprir os obxectivos didácticos. Para deseñar estas actividades terase en conta a atención á diversidade. Estas medidas correctoras axudarán a superar problemas de menor importancia que presenten determinados alumnos.

13 PROCEDIMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL NA E.S.O.

Co obxectivo de obter información sobre os coñecementos previos do alumnado en cada unha das materias impartidas polo Departamento nesta etapa, así como do grao de desenvolvemento das competencias básicas, farase unha avaliación inicial que incluirá:

1. O análise dos informes personais da etapa ou do curso anterior que se completará coa información obtida a través do profesor/a titor/a.
2. Nos primeiros cursos da E.S.O. farase unha observación inicial do seu grao de expresión oral e escrita, vocabulario e coñecementos previos mediante preguntas orais e exercicios na clase.
3. Nos últimos cursos da E.S.O. farase unha proba a comenzos do curso tipo test baseada nos coñecementos mínimos xerais de cursos anteriores.

14 CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

1. **Na ESO a cualificación global da avaliación** obterase dandolle peso aos seguintes factores:

	Probas escritas/orais	Caderno clase	Informes de laboratorio	Observación na aula	Traballos individuais/en grupo
Bio-Xeoloxía de 1 ^{eiro}	70%	10%	15%	-	5%
Bio-Xeoloxía de 3 ^{eiro}	70%	10%	-	10%	10%
Bio-Xeoloxía de 4 ^o	65%	10%	15%	5%	5%
Cultura Científica 4 ^o	80%	10%	-	-	10%

- No bacharelato a cualificación global da avaliación**, obterase dándolle peso aos seguintes factores:

	Probas escritas/orais	Caderno de clase/informes de laboratorio	Traballos individuais/en grupo	Asistencia/participación na clase
Bio-Xeoloxía de 1 ^{eiro}	80%	10%	10%	-
Cultura Científica de 1 ^{eiro}	80%	10%	10%	-
Bioloxía de 2 ^o	85%	10%	-	5%
Ciencias da Terra de 2 ^o	60%	10%	30%	-
Nocturno	70%	10%	10%	10%

2. Para obter a **nota de media da avaliación** farase a media aritmética das **probadas escritas** realizadas durante o periodo de avaliación multiplicada polo peso que lle corresponda en cada curso, e sumaráse a nota dos demais instrumentos de avaliación multiplicados polo seu peso. Nas materias da **ESO** e en **1^{eiro} de bacharelato diurno** será necesaria unha **nota mínima de 3** nas probadas escritas para facer media na avaliación. Nas materias de **2^o do bacharelato diurno**, pedirase unha **nota mínima de 4** nos exames para facer a media da avaliación.
3. **A nota da avaliación** será un número enteiro que se obterá da seguinte maneira: a nota media da avaliación comprendida entre o sexto decimal dun número e o quinto decimal do número seguinte asignaráselle o **número enteiro central**. Por exemplo, dende 5,6 ata 6,5 a nota da avaliación será 6. Considérase **aprobado** cando a nota da avaliación sexa **igual ou superior a 5**.
4. **As recuperacións** inclúen toda a materia do periodo avaliado, e consideraranse superadas cando a nota sexa **igual ou superior a 5**.

5. Para obter a **nota final** da materia na convocatoria ordinaria, farase a media das notas medias obtidas nas tres avaliacións (ou recuperacións si é o caso). Para facer a media final o alumno terá que **ter aprobadas** polo menos **dúas avaliacións**.
6. **A nota final** da convocatoria ordinaria será un número enteiro que se obterá da mesma maneira que nas avaliacións: dende o sexto decimal dun número ata o quinto decimal do número seguinte asignarase o número enteiro central. Considérase **aprobado** cando a nota final sexa **igual ou superior a 5**.
7. **Na convocatoria extraordinaria** de Setembro farase unha proba global, sobre os contidos mínimos fixados para cada materia, e avaliarase nunha escala de 1 a 10. Considerarase superada cando a nota obtida sexa **igual ou superior a 5**.

15

RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DE PENDENTES

O Departamento de Bioloxía e Xeoloxía non ten asignación horaria para programas de reforzo de alumnos con materias pendentes.

Ao longo do curso haberá dúas avaliacións, e segundo o criterio dos profesores do Departamento que se encarguen da recuperación de materias pendentes, poderán facer varias probas escritas ou/e traballos sobre temas da materia por avaliación. Entre as medidas a tomar para facilitar a recuperación do alumnado con materias pendentes están:

- Propor actividades graduadas en orden de dificultade, co obxectivo de que alcancen os obxectivos da materia.
- Axudar ao alumno a organizar e planificar o seu traballo.
- Aconsellar ao alumno sobre as técnicas de aprendizaxe e estudio da materia.
- Se fora necesario, buscarase asesoramento no Departamento de Orientación, quen propondrá as medidas de atención á diversidade que den mellor resposta ás necesidades de aprendizaxe dos alumnos repetidores.

Considérase aprobado o período de avaliación cando a media das probas escritas, ou traballos sexa igual ou superior a **5**. Cando a recuperación de materias pendentes se faga mediante traballos e exames, os traballos ponderarán 50% e os exames o 50% restante.

Tamén poderán facerse só dúas probas escritas globais de avaliación ao longo do curso, segundo o calendario que establece a Xefatura de Estudos.

A nota final da materia pendente na convocatoria ordinaria, obterase facendo a media das notas obtidas nas dúas avaliacións, e considérase aprobada cando a media sexa igual ou superior a **5**.

Os alumnos que non superen as dúas avaliacións anteriores, terán que facer unha **proba final ordinaria** segundo o calendario que fixe a Xefatura de Estudos, baseado nos contidos mínimos e criterios de avaliación establecidos para a materia.

Na convocatoria extraordinaria de Setembro farase unha proba global, na que os contidos serán os mínimos fixados para cada materia, e avaliarase nunha escala de 1 a 10. Considerarase superada cando a nota obtida sexa igual ou superior a **5**.

16

PROCEDEMENTOS PARA ACREDITAR OS COÑECEMENTOS PREVIOS NO BACHARELATO

O artigo 3.7 da Orde do 24 de xuño de 2008 (DOG do 27) pola que se desenvolve a organización e o currículo de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia establece que "será preciso acreditar os coñecementos previos que se indican para ser avaliado nas materias seguintes: Física, Química e Electrotecnia de segundo, precisarán de Física e Química de primeiro; Bioloxía e Ciencias da Terra e Ambientais de segundo, precisarán de Bioloxía e Xeoloxía de primeiro. Esta acreditación poderá realizarse cursando e aprobando a materia correspondente de primeiro ou a través do procedemento establecido polo Departamento".

O Departamento opta, pola segunda opción, dándolle a oportunidade ao alumnado que non cursou a Bioloxía e Xeoloxía de primeiro de que acredite os seus coñecementos mediante a realización de traballos relacionados coa materia ao longo do curso. Estes traballos serán os mesmos que se lle piden aos alumnos coa materia pendente de primeiro de bacharelato. Se os alumnos non entregarán os traballos nas datas indicadas, ou a súa calidade non fora axeitada, deberán superar as probas escritas establecidas para os pendentes, seguindo o calendario que fixará a Xefatura de Estudos.

17

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

En xeral, o alumnado ten dificultades nunha materia porque:

- Nunca alcanzou os obxectivos do curso ou da etapa anterior, e presenta serios descoñecementos de noicións básicas. Serían aqueles alumnos e alumnas que foron promocionando sen ter unha base sólida.
- Non ten interés polas materias ou temas que se tratan na aula.
- Ten altas capacidades ou coñecementos na materia, e se aburren na aula.
- Non sabe organizar e distribuir o seu tempo, ou descoñece como estudar na súa casa.
- Ten necesidades educativas especiais, asociadas a minusvalías físicas.

Para detectar e valorar as necesidades educativas destes alumnos propónse unha avaliación inicial, seguida doutras que se farán con carácter periódico que permitirán analizar os resultados das intervencións. Se fora necesario, recurirase ao gabinete psicopedagóxico para determinar e valorar a necesidade doutras intervencións.

Como queda explicado nos aspectos xerais do proxecto curricular do departamento, o currículo, ao ser aberto, permite a súa adaptación para aqueles alumnos que non podan seguir o ritmo de aprendizaxe dos seus compañeiros ou, pola contra, para os que sexan capaces de ampliar os contidos curriculares.

O obxectivo xeral é lograr que todo o alumnado alcance os mínimos propostos, e que acaden as competencias básicas previstas en cada materia. As medidas estarán orientadas a alcanzar este obxectivo a través de recursos de apoio que permitan atender ás diversas aptitudes, intereses, expectativas, e ao diferente ritmo de aprendizaxe do alumno. Así mesmo, é moi importante a comunicación coa familia, a acción titorial, e no caso de minusvalías, o apoio de profesorado especializado.

En xeral, os problemas máis frecuentes que se detectan nos alumnos con máis dificultades son:

1. Fallos na expresión oral ou escrita.
2. Problemas para realizar unha argumentación lóxica.

As **medidas curriculares** que se terán en conta serán as seguintes:

1. Os contidos esixidos nos exames de recuperación de Xuño e na convocatoria extraordinaria de Setembro serán os mínimos.
2. Os contidos procedimentais propostos terán un nivel de complexidade máis baixo para facilitar a súa comprensión.
3. Repasar as nocións estudadas con anterioridade e consideradas necesarias para a comprensión da unidade.
4. Preparar actividades e exercicios con distinto nivel de dificultade sobre os contidos propostos, que permita adaptarse ás distintas capacidades e distintos ritmos de aprendizaxe.
5. Axudar ao alumno a planificar o seu traballo.
6. Aconsellar ao alumno sobre as técnicas de aprendizaxe e estudo da materia.
7. Realizar actividades de recuperación e ampliación onde prime o traballo persoal e individual, e o compromiso do alumnado por intentar superar as dificultades a base de esforzo.
8. Nos casos de alumnado con discapacidade física, valorar máis as actividades que poidan facer mellor: Nos cegos, as destrezas orais; nos xordos, as escritas.
9. No caso de alumnos con necesidades educativas especiais que impliquen axuda pedagóxica, deseñaranse adaptacións curriculares coa participación do departamento de orientación.
10. Para atender as necesidades de formación dos alumnos cara aos estudos superiores, o Departamento imparte en 2º do bacharelato científico técnico Bioloxía e CC. da Terra e medioambientais, mentras que en 2º do bacharelato de adultos só imparte a Bioloxía.
11. Na modalidade presencial do bacharelato de adultos, a metodoloxía será máis flexible e aberta, terán máis importancia as actividades de reforzo e consolidación de coñecementos, e terase en conta a asistencia e participación na clase na avaliación do alumnado.

Entre as **medidas organizativas** están os desdobres de prácticas, unha hora nos cursos de 1^{eiro} da ESO, e unha hora nos de 4º da ESO. Estes desdobres permitirán realizar actividades de reforzo cos alumnos que quedan na aula cun ritmo de aprendizaxe máis baixo.

18

PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES

Ademais de adquirir coñecementos nas distintas materias do currículo e de desenvolver as competencias básicas, é importante que os alumnos reciban unha formación en valores, para que as súas accións estean rexidas por un comportamento ético e manteñan actitudes democráticas.

A Educación en Valores é un contido que se desenvolve de forma transversal e contínua, polo que os profesores de diferentes áreas dun mesmo nivel, deberían acordar os temas que abordarán desde cada unha das áreas para que ao longo do curso os alumnos traballen todos os temas que se queren tratar.

As actividades relacionadas coa Educación en Valores poderán desenvolverse na aula, nas sesións de tutoría, en actividades nas que participe todo o centro (día da árbore, contra a violencia de xénero, do consumidor, contra a fame, etc.) e nas programadas desde o Departamento de Actividades Extraescolares ou desde o equipo directivo.

Os principais valores que se fomentarán nas materias que imparte o noso departamento na E.S.O. e no bacharelato, serán:

- **Valores universais e xenerais da Ciencia:** Como o respecto, a responsabilidade, a confianza, a laboriosidade, a solidariedade, a honestidade, a orde, o interese por solucionar problemas da sociedade, a capacidade argumentativa, claridade ao tratar os temas, espírito crítico, utilidade da Ciencia, e respecto pola dignidade humana.
- **Específicos da educación ambiental:** O alumno adquirirá coñecementos sobre o mundo que o rodea (atmosfera, auga, litosfera e seres vivos) e comprenderá algúns dos problemas ambientais

que o home está a ocasionar, como o cambio climático, a contaminación, a superpoblación, a sobreexplotación dos recursos e a perda de biodiversidade. Inculcaránselles valores de respecto cara á contorna, promovendo prácticas relacionadas co desenvolvemento sostible:

- Fomentando hábitos tendentes ao aforro de enerxía, da auga e dos recursos como método efectivo de preservación dos recursos naturais, rexeitando o consumismo da sociedade actual.
- Animando a utilizar medios de transporte colectivos ou non contaminantes, como a bicicleta, para desprazarse pola súa localidade.
- Promovendo hábitos de limpeza co obxectivo de reducir a contaminación.
- Implementando actividades cotiás que poñan en práctica a regra do tres R (reciclar, reutilizar e reducir) á hora de xerar residuos sólidos.
- Inculcando o respecto por todos os seres vivos, ponderando o seu valor para a natureza e para o home.

As estratexías de desenvolvemento sostible implican unha formación sobre os aspectos ambientais, económicos e sociais das actividades produtivas que se desenvolven na nosa comarca. O monte representa un sector no que conflúen aspectos moi diversos que se prestan a unha conflitividade especial. No contorno do IES Valle-Inclán a superficie forestal atópase grandemente reducida e degradada, debido a unha elevada poboación que se encontra moi dispersa, e que ocupa unha parte importante do territorio.

Para conseguir sostibilidade no eido forestal, é fundamental que a sociedade sexa consciente dos papeles que xoga o monte no noso entorno máis próximo, e as características do mesmo:

- No monte se atopan ecosistemas que sofren dun importante e acelerado proceso de degradación.
- O monte é un sistema produtivo con escaso rendemento económico, con usos que implican unha forte degradación.
- O sistema de propiedade do monte está caracterizado por un grande minifundismo na propiedade individual.
- O monte comunal atópase nunha fase de readaptación, unha vez os usos comunais tradicionais teñen practicamente desaparecido.

Consideramos que o sistema educativo, e o ensino obrigatorio en particular, deben xogar un papel fundamental para conseguir que a sociedade coñeza os usos e beneficios do monte e manteña unha actitude de defensa e coidado dos sistemas forestais.

- 1. Educación do Consumidor:** Os alumnos aprenderán a ter bos hábitos de consumo que lles permitan:
 - Escoller e utilizar produtos, que non danen a súa saúde e o medio ambiente, e que fosen elaborados sen contaminar o aire, a auga ou o chan e non danen a biodiversidade.
 - Rexeitar o consumismo actual que esgota os recursos, que non é sustentable e que destrúe o noso planeta.
 - Fomentar o consumo de produtos locais para mellorar o emprego e a economía local.
- 2. Educación para a Igualdade de Oportunidades en ambos os sexos:**
 - O alumnado participará activamente nas diferentes actividades, evitando calquera clasificación baseada en diferenzas de sexo.
 - Atenderase a uns e outras coa mesma dedicación e incentivarase o seu traballo de igual maneira.
 - Corrixiranse actitudes sexistas, fomentando ou respecto ás mulleres, non permitindo discriminacións, situacións de dominio, nin ningunha forma de machismo ou feminismo.
- 3. Educación para a Saúde:** Moitos dos contidos desta área que reflexionen sobre a estreita relación que existe entre a calidade do aire que respiramos, da auga, da alimentación e certos hábitos frecuentes na nosa sociedade (alcol, tabaco, drogas, sedentarismo, tensión ...), coa saúde humana.

Educación sexual:

- Utilizarase o tema da reprodución dos seres vivos para resaltar a importancia da sexualidade no desenvolvemento físico e psíquico das persoas.
- Tamén, inculcaránselles valores de tolerancia e respecto cara a outras opcións sexuais, a importancia da hixiene, os métodos anticonceptivos e o perigo que representan as enfermidades de transmisión sexual.

4. Educación para a Paz:

- Nos temas que corresponda, inculcaranse valores de respecto pola integridade física non só das persoas, senón de todos os seres vivos.
- Rexeitaranse actitudes violentas para a resolución de problemas.
- Tamén se tentará, que os alumnos participen na vida do centro para alcanzar un maior grao de convivencia, con respecto cara a todos os membros da comunidade educativa.

5. Educación Viaria:

- Destacaranse os problemas ambientais que ocasiona o tráfico: polución atmosférica, consumo excesivo de carburantes, ruído, tensión, accidentes de tráfico, a influencia negativa na condución de sustancias que alteran o Sistema Nervioso.
- Inculcaránselles bos hábitos relacionados coa condución para a conservación da súa saúde como porse o casco e o cinto, respecto ás normas de tráfico, a outros condutores, ciclistas, e peóns ...

- 6. Educación Moral e Cívica.** Durante o curso, procurarase que desenvolvan unha conciencia ética cara aos problemas humanos e ambientais, e adquiran unha serie de hábitos de actuación encamiñados a mellorar a convivencia con outras persoas, a minimizar a súa actuación como axentes contaminantes, e que no futuro lévenlles a desenvolver unha actividade económica sustentable co medio ambiente.

19

ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR

Os alumnos de 1^{eiro} da ESO, leerán en vacacións de Nadal ou Semana Santa libros ambientados na Natureza (*Amenaza na Antartida, Un can no piso, A pomba e o degolado, Mutacións Xenéticas ...*) con exercicios que midan o seu grao de comprensión e resumo.

Ocasionalmente faránse buscas de información relacionadas co tema que se trata na clase, en Internet, revistas de divulgación (*Natura, National Geographic ...*), e nas enciclopedias de que dispón o centro. Deste xeito os alumnos tamén poderán familiarizarse coa organización da Biblioteca.

20

ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN T.I.C.

Nunha sociedade en contínua evolución tecnolóxica é importante aprender a utilizar racionalmente as novas tecnoloxías. Na actualidade, os alumnos de Secundaria manteñen unha estreita relación coas tecnoloxías da información e da comunicación porque constitúen unha poderosa ferramenta que lles proporciona información facilmente, e lles permite a comunicación entre eles a través de diferentes redes sociais.

A utilización do computador na educación presenta características positivas como a interactividade, a súa facilidade de utilización, resúltalles motivador, poden utilizalo como medio de investigación, e permiteltes un aprendizaxe individual.

A aparición de Internet permite transitar desde modelos de aprendizaxe baseados na transmisión de coñecemento a modelos baseados na construción de coñecemento. Desta forma os alumnos vólvense axentes activos no proceso de aprendizaxe, e os profesores facilitan esa construción e apropiación de coñecementos.

Para contribuir ao plan T.I.C. do centro, na nosa opinión pode ser de interés:

- Valorar a importancia de Internet para a busca de información sobre os temas que se traten na aula. Resaltarase a importancia do fluxo de información para o desenvolvemento económico, científico e cultural da nosa sociedade, e os problemas que presenta a información que se atopa na rede.
- Propoñer buscas de información, e recollida da información empregando as tecnoloxías da información e da comunicación, para reelaborar coñecementos que mostren unha visión actualizada da actividade científica.
- Desenvolver un espírito crítico que filtre a información obtida na rede, e permita seleccionar a información que se atope nos enderezos máis fiables.
- Comprender como os científicos utilizan formas específicas de busca, recollida, selección, procesamento e presentación da información á comunidade científica e a sociedade en xeral.
- Expoñer algúns temas mediante “presentacións” en *PowerPoint*, para que os alumnos se familiaricen con este método, habitual na ensinanza superior.
- Utilizar vídeos didácticos como elemento motivador que lles facilite a aprendizaxe.
- Proporcionar enderezos de internet relacionados cos diferentes temas que proporcionen información complementaria audiovisual aos temas tratados.
- Promover a exposición de traballos individuais por medio de presentacións orais que utilicen como apoio as tecnoloxías da información.
- Utilizar o correo electrónico ou a aula virtual do centro como medio de intercambio de información cos alumnos.

21

ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

O Departamento contribuirá á convivencia no centro mediante:

- 1) Control diario de faltas de asistencia e puntualidade dos alumnos.
- 2) Informando aos titores e pais do rendemento académico e faltas de asistencia dos alumnos.
- 3) Promovendo actitudes de respecto aos profesores, a todos os compañeiros, ao personal subalterno e ás instalacións e material do centro.
- 4) Fomentando actitudes de autonomía persoal dos alumnos, e limpeza na aula, no laboratorio e nos propios alumnos.
- 5) Promovendo a educación para a igualdade entre homes e mulleres, explicitando cando sexa necesario:
 - O valor constitucional da igualdade entre sexos.
 - A contribución das mulleres ao desenvolvemento económico e ao acervo cultural e científico da humanidade.
 - O dereito a escoller calquer estudo ou profesión, independentemente de que no pasado foran exclusivas do outro sexo.

- Fomentando o respecto ás mulleres, non permitindo desigualdades, imaxes de dominio dun sexo respecto ao outro, nin ningunha forma de machismo, feminismo ou misoxinia.

22

INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

O Departamento considera que a avaliación do proceso de ensino e a práctica docente pode realizarse mediante reunións periódicas e ao final do curso, onde se faga un seguimento do grao de cumprimento da temporalización e dos obxectivos previstos para o período correspondente. Tamén se analizarán as dificultades que se observen, e os resultados acadados nas avaliacións, na selectividade, ou nas avaliacións externas, podendo propoñerse as medidas correctoras e os cambios que se consideren necesarios.

INDICADORES DE LOGRO DO PROCESO DE ENSINO	Escala			
	1	2	3	4
Adecúase o nivel de dificultade ás características do alumnado				
Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe				
Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual do alumnado				
Conseguiuse a participación activa do alumnado				
Contouse co apoio e a implicación das familias no traballo do alumnado				
Mantívose un contacto periódico coa familia				
Adoptáronse medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE)				
Adoptáronse medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado NEAE				
Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado				
Usáronse diferentes instrumentos de avaliación				
Dáse un peso á observación do traballo na aula				
Valorouse o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo				

INDICADORES DA PRÁCTICA DOCENTE	Escala			
	1	2	3	4
Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado				
Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa				
Elabóranse actividades atendendo á diversidade				
Fanse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE				
Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar				
Combínase o traballo individual e en equipo				
Empreganse estratexias de animación á lectura				
Utilízanse estratexias de expresión / comprensión oral e escrita				
Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino - aprendizaxe				

Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar				
Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas e traballos				
Coméntanselle ao alumnado dos criterios de corrección das probas, traballos, etc				
Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros				
Implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación				
Son adecuadas as adaptacións curriculares significativas (ACS) que se propoñen				
As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares				
Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo e recuperación				

23

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

26.1. LABORATORIO

O Centro dispón dun laboratorio na 3^{eira} planta con capacidade para 20 alumnos. Está dotado de mobiliario, material didáctico nalgún caso deteriorado, unha pequena biblioteca con libros relacionados coas materias que imparte o Departamento, dous ordenadores portátiles e un de sobremesa, dous proxectores de diapositivas, dous retroproxectores, un proxector de vídeo, unha pantalla enrollable e tres coleccións de vídeos didácticos.

O Departamento tamén dispón dun un microscopio con cámara de vídeo, ordenador e software para o tratamento de imaxes, un equipo formado por unha consola con sensores para a recollida de datos na auga (T^a, pH, O₂ ...) que poden ser procesados nun ordenador, e unha televisión con aparato de vídeo e DVD.

26.2. LIBROS DE TEXTO PARA O CURSO 2017-2018

1^{eiro} E.S.O.: *Bioloxía e Xeoloxía 1^{eiro} ESO*. Celme. Autores: Concha Gil e outros. Edicións S. M. Xerme. Madrid, 2015. I.S.B.N. 978-84-9854-527-7.

3^{eiro} E.S.O.: *Bioloxía e Xeoloxía, 3^{eiro} ESO*. Proxecto Saber Facer. Francisco Vives Boix e outros. Edicións Obradoiro-Santillana. Santiago de Compostela, 2015. I.S.B.N. 978-84-9972-417-1.

4^o E.S.O.:

- *Bioloxía e Xeoloxía, 4^o ESO*. Proxecto Saber Facer. Leonor Carrillo e outros. Edicións Obradoiro-Santillana. Santiago de Compostela, 2016. I.S.B.N. 978-84-9972-596-3.

- *Cultura Científica*. S. Clemente e outros. Ed. Anaya. Madrid, 2016. I.S.B.N. 978-84-698-1155-9.

1^{eiro} de Bacharelato:

- *Bioloxía e Xeoloxía, 1^o Bach*. Autores: Emilio Pedrinaci e outros. Editorial S. M. Xerme. Madrid, 2015. I.S.B.N. 978-84-985-4521-0.

- *Cultura Científica*. Nicolás Rubio e outros. Ed. Anaya. Madrid, 2015. I.S.B.N. 978-84-675-6518-9.

2^o de Bacharelato:

- *Bioloxía*. Proxecto Saber Facer. Antonio Jimeno e outros. Edicións Obradoiro- Santillana. Santiago de Compostela, 2016. I.S.B.N.978-84-9972-693-9.

- *Ciencias de la Tierra y del Medioambiente*. Diodora Calvo e outros. Mc Graw-Hill/ Interamericana de España, S.L. Madrid, 2016. I.S.B.N. 978-84-486-0939-9.

26.3. SOLICITUDE DE LIBROS E MATERIAL

Inicialmente, solicítase o material didáctico que se indica a continuación:

- O ril, a nefrona, os conductos sanguíneos e o corpúsculo renal en 3 modelos de 29x52x9 cm. España 3B Scientific, S.L.

Durante do curso, esta solicitude completárase co material que sexa necesario para o desenvolvemento das prácticas.

24

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

As actividades que se propoñen se enmarcan na programación didáctica das materias impartidas polo Departamento. Estas actividades contribúen a acadar os obxectivos de cada unha das materias, tanto no ámbito conceptual como no procedemental e actitudinal.

O programa de educación ambiental do Departamento está centrado no coñecemento dos ecosistemas da contorna e no estudo das súas posibilidades de produción. Así estúdanse os montes na súa vertente de sistemas naturais e na de sistemas produtivos, analizando os problemas e ameazas que soportan. Búscase a cooperación cos sectores interesados na xestión forestal e, dado que unha parte importante dos montes da contorna de Pontevedra son de propiedade veciñal, o I.E.S. Valle-Inclán ten asinado un acordo de cooperación e educación ambiental coa Mancomunidade de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra para que os alumnos coñezan esta modalidade de propiedade forestal e as formas de xestión. Por outra banda, colabórase co Concello de Pontevedra, que contribúe a desenvolver os plans de educación ambiental e a facelos viábeis. As actividades do programa de educación ambiental levaranse a cabo nos montes da Mancomunidade de Pontevedra.

As actividades do programa baséanse en aspectos do currículo das materias de Bioloxía e Xeoloxía da Ensinanza Secundaria Obligatoria e diríxense á adquisición das competencias clave. Inclúen actividades a realizar no laboratorio do Departamento e outras que se farán no campo. As que se fagan no monte estudarán técnicas para evitar a erosión das zonas incendiadas, a plantación de especies autóctonas, o estudo do ecosistema forestal, e diversas técnicas para combatir as especies invasoras. Estas actividades supoñen un instrumento de importancia de cara ao coñecemento do entorno natural e da súa importancia económica e á toma de conciencia da necesidade da súa conservación.

Algunhas actividades programadas están organizadas por diversas administracións e fundacións ao longo do curso, non sendo previsible o seu contido nin as datas de realización. Cando algunha convocatoria sexa considerada de interese como actividade complementaria das materias impartidas, proporase á Dirección do centro a participación do grupo de alumnos que máis se axuste aos obxectivos da mesma.

- 1) **Actividades no Monte I**, no 3^{eiro} trimestre. Alumnos de 1^{eiro} da E.S.O., unha xornada da mañá.

Obxectivos:

- Coñecer as técnicas de estudo dos ecosistemas continentais.
- Valorar o patrimonio natural e histórico presente nos Montes Veciñais en Man Común.
- Tomar conciencia da ameaza que supoñen as especies de plantas invasoras e aprender a utilizar técnicas sinxelas e sostibles de eliminación.

- Tomar conciencia dos danos provocados polos incendios forestais e da necesidade da mobilización social para evitalos.

Estándares do currículo cos que se relaciona:

- Recoñece a importancia da biodiversidade e xustifica a toma de medidas de protección coas especies ameazadas.
- Recoñece a fragilidade do solo e valora a necesidade de protexelo.

Competencias que se desenvolven:

- Competencia matemática e básicas en ciencia e tecnoloxía.
- Competencias sociais e cívicas.

Custo da actividade: Subvencionada polo Concello.

- 3) **Actividades no Horto Escolar Municipal**, no 2º trimestre. Alumnos de 1º da E.S.O., media xornada pola mañá.

Obxectivos:

- Observar as técnicas de cultivo biolóxico sostible.
- Coñecer a diversidade de plantas do noso entorno que nos proporcionan alimento.
- Concienciar da importancia da dieta san e con alimentos producidos de modo sostible.

Estándares do currículo cos que se relaciona:

- Recoñece a fragilidade do solo e valora a necesidade de protexelo.
- Recoñece a importancia da biodiversidade e xustifica a toma de medidas de protección coas especies ameazadas.

Competencias que se desenvolven:

- Competencia matemática e básicas en ciencia e tecnoloxía.
- Competencias sociais e cívicas.
- Competencia para aprender a aprender.

Custo da actividade: Subvencionada polo Concello.

- 5) **Actividades no Monte II, “Coñecendo e ordeando o monte”** no 1º trimestre. Alumnos de 4º da E.S.O., unha xornada da mañá e dúas actividades na clase de 50 minutos, unha preparatoria antes da saída e outra de recapitulación posterior á saída.

Obxectivos:

- Coñecer as técnicas de traballo na xestión forestal e na xestión de ecosistemas naturais.
- Valorar o patrimonio natural, histórico e produtivo presente nos Montes Veciñais en Man Común.
- Adquirir os coñecementos tanto biolóxicos como ecolóxicos e patrimoniais que permitan a aproximación aos sistemas forestais.
- Tomar conciencia da necesidade de respectar o medio forestal e aos axentes relacionados coa súa xestión.

Estándares do currículo cos que se relaciona:

- Argumenta sobre as actuacións humanas que teñen unha influencia negativa sobre os ecosistemas: contaminación, desertización, esgotamento de recursos, etc.
- Coñece posibles actuacións para a mellora ambiental e analiza desde distintos puntos de vista un problema ambiental do contorno próximo.
- Compara las consecuencias prácticas en la gestión sostenible de algunos recursos por parte del ser humano, y valora críticamente su importancia.

Competencias que se desenvolven:

- Competencia matemática e básicas en ciencia e tecnoloxía.
- Competencias sociais e cívicas.

Custo da actividade: Subvencionada polo Concello.

- 6) **Actividades no Monte III, “Loitando contra as especies invasoras”** no 3^{eiro} trimestre. Alumnos de 4^o da E.S.O., unha xornada da mañá e dúas actividades na clase de 50 minutos, unha preparatoria antes da saída e outra de recapitulación posterior á saída.

Obxectivos:

- Coñecer as técnicas de prevención e loita contra a expansión das especies exóticas invasoras e as especies invasoras máis perigosas.
- Valorar a necesidade da conservación da biodiversidade fronte a ameaza que supoñen as especies exóticas invasoras.
- Tomar conciencia da necesidade de fomentar as boas prácticas que eviten a introducción de especies invasoras e de previr a súa expansión.

Estándares do currículo cos que se relaciona:

- Argumenta sobre as actuacións humanas que teñen unha influencia negativa sobre os ecosistemas: contaminación, desertización, esgotamento de recursos, etc.
- Coñece posibles actuacións para a mellora ambiental e analiza desde distintos puntos de vista un problema ambiental do contorno próximo.
- Compara las consecuencias prácticas en la gestión sostenible de algunos recursos por parte del ser humano, y valora críticamente su importancia.
- Defiende y concluye sobre posibles actuaciones para la mejora ambiental y analiza desde distintos puntos de vista un problema ambiental del entorno próximo, elabora informes y los presenta utilizando distintos medios.

Competencias que se desenvolven:

- Competencia matemática e básicas en ciencia e tecnoloxía.
- Competencias sociais e cívicas.

Custo da actividade: Subvencionada pola Comunidade de Montes de Salcedo.

- 7) **Visita á Central térmica de Meirama, e parque eólico de Sotavento (A Coruña).** Alumnos de 1^{eiro} de bacharelato con Bioloxía e Xeoloxía e de 2^o con CC. da Terra e medioambientais. Un día completo no 2^o trimestre.

Obxectivos:

- Observar a fase de produción e distribución dun sistema enerxético.
- Explicar o funcionamento dunha central térmica alimentada con carbón.
- Comprender o funcionamento dunha central eólica.
- Entender o funcionamento e as transformacións enerxéticas que teñen lugar nun aerogenerador.
- Valorar a importancia da enerxía eólica no sistema enerxético galego.

Estándares do currículo cos que se relaciona:

- Describe e clasifica pola súa renovabilidade os recursos enerxéticos e doutro tipo utilizados pola humanidade en cada unha das súas fases.
- Comprende e explica que factores antrópicos provocan o aumento do efecto invernadero e as súas consecuencias.

- Asocia os contaminantes coa súa orixe, recoñecendo as consecuencias sociais, ambientais e sanitarias que producen.
- Describe medidas que preveñen ou atenúan a contaminación atmosférica e o efecto invernadero.
- Describe os efectos locais, rexionais e globais ocasionados pola contaminación do aire.

Competencias que se desenvolven:

- Competencia matemática e básicas en ciencia e tecnoloxía.
- Competencias sociais e cívicas.

Custo da actividade: Transporte en autobús.

8) Charla sobre “Doazón e trasplantes”. Cultura Científica de 4º da ESO e 1º de bacharelato. Dúas horas pola mañá no 2º trimestre.

Obxectivos:

- Coñecer as condicións legais necesarias para ser doante e receptor.
- Coñecer a experiencia dun enfermo trasplantado.
- Sensibilizar ao alumnado no tema da doazón de órganos.

Estándares do currículo cos que se relaciona:

- Comprende a definición de saúde segundo a OMS.
- Coñece a importancia e os tipos de trasplantes como alternativa no tratamento de certas enfermidades, valorando as súas vantaxes e inconvenientes.

Competencias que se desenvolven:

- Competencia matemática e básicas en ciencia e tecnoloxía.
- Competencias sociais e cívicas.

Custo da actividade: Sen custo.

9) 2 Charlas temáticas do ciclo “A ponte entre o ensino medio e a universidade”. Cultura Científica de 4º da ESO e 1º de bacharelato. Dúas horas pola mañá no 2º trimestre.

Obxectivos:

- Analizar a evolución histórica no tratamento das doenzas con fármacos.
- Tomar conciencia da importancia da investigación médico-farmacéutica.
- Comprender a importancia do uso racional dos medicamentos, sobre todo en relación cos antibióticos.
- Coñecer a importancia dos xenéricos na sostibilidade do sistema sanitario público.
- Diferenciar a información procedente de fontes científicas das que proceden de pseudociencias ou que perseguen obxectivos simplemente comerciais.

Estándares do currículo cos que se relaciona:

- Describe o proceso que segue a industria farmacéutica para descubrir, desenvolver, ensaiar e comercializar os fármacos.
- Recoñece a importancia dos antibióticos na curación de enfermidades causadas por bacterias e a repercusión social que tivo o descubrimento da penicilina.
- Xustifica a necesidade de facer un uso racional da sanidade e dos medicamentos.

Competencias que se desenvolven:

- Competencia matemática e básicas en ciencia e tecnoloxía.
- Competencias sociais e cívicas.

Custo da actividade: Sen custo.

- 11) **Visita ao Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago (IDIS) e laboratorios da Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica.** Alumnos de 1^{eiro} de bacharelato con Cultura Científica. 2º trimestre, media xornada.

Obxectivos:

- Coñecer as técnicas básicas de xenotipado.
- Analizar as aplicacións da manipulación xenética no ser humano e as súas implicacións éticas, valorando o interese da investigación do xenoma na prevención de enfermidades.

Estándares do currículo cos que se relaciona:

- Analiza as aplicacións da enxeñaría xenética na obtención de fármacos, transxénicos e terapias xénicas.
- Valora as aplicacións da biotecnoloxía e a enxeñaría xenética na obtención de produtos farmacéuticos, en medicina e en biorremediación, para o mantemento e a mellora do medio.

Competencias que se desenvolven:

- Competencia matemática e básicas en ciencia e tecnoloxía.
- Competencias sociais e cívicas.

Custo da actividade: Transporte en autobús.

- 12) **Visita á Estación Depuradora de Augas Residuais de Placeres (Pontevedra).** Alumnos de 2º de bacharelato con Ciencias da Terra e Medioambientais. No 2º trimestre, media xornada pola mañá.

Obxectivos:

- Coñecer as causas de contaminación da auga, e as técnicas químicas e biolóxicas que se empregan para detectala.
- Coñecer o funcionamento dunha E.D.A.R.

Estándares do currículo cos que se relaciona:

- Relaciona os principais contaminantes do auga coa súa orixe e os seus efectos.
- Coñece e describe os principais indicadores de calidade do auga.
- Esquematiza as fases de potabilización e depuración do auga nunha EDAR.

Competencias que se desenvolven:

- Competencia matemática e básicas en ciencia e tecnoloxía.
- Competencias sociais e cívicas.

Custo da actividade: Transporte en autobús.

25

PROCEDIMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN

Esta programación establece unhas liñas de actuación, e prevé acadar uns obxectivos que deberían ser avaliados para determinar o seu grao de cumprimento. A avaliación permite analizar a correspondencia entre o planificado e o realizado, detectar as dificultades, e facer os axustes oportunos.

O Departamento considera que a avaliación da programación didáctica pode realizarse unha reunión ao final do curso, onde se faga un seguimento do grao de cumprimento da temporalización e dos obxectivos previstos para o período correspondente. Tamén se analizarán as dificultades que se observen, e os resultados acadados nas avaliacións, na selectividade, ou nas avaliacións externas, podendo propoñerse as medidas correctoras e os cambios que se consideren necesarios. A modo de guía, poderanse utilizar os indicadores que se mostran a continuación.

Os axustes, cambios, e propostas reflectiranse na memoria final de curso, e permitirán reorientar e adecuar a programación á realidade para o curso seguinte.

INDICADORES

Escala

	1	2	3	4
Adecuación do deseño das unidades, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo				
Adecuación da secuenciación e temporalización das unidades didácticas, temas ou proxectos				
O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas				
Adecuación da secuenciación dos estándares nas unidades, temas ou proxectos				
Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar				
Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación				
Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación				
Asociación de cada estándar aos elementos transversais a desenvolver				
Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento				
Adecuación da secuencia de traballo na aula				
Adecuación dos materiais didácticos utilizados				
Adecuación do libro de texto				
Adecuación do plan de avaliación inicial				
Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares				
Adecuación do procedemento de acreditación de coñecementos previos				
Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc				
Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación				
Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final				
Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria				
Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes				
Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación das materias pendentes.				
Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.				
Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares				
Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE				
Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas				
Adecuación do sistema de información ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos				
Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción				
Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso				

Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro

Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia

Pontevedra, 14 de setembro de 2018.

Asdo. Nicolás Barcala Patiño
(Xefe de Departamento)

Asdo. Benito Andrade González

Asdo. Josefa Bargiela Lemos

Asdo. M^a del Carmen Castro Martínez

Asdo. Mónica Vaz Veiga

Anexo I

Información básica da Programación

Departamento de Bioloxía e Xeoloxía

OBXECTIVOS NA ESO

Bioloxía e Xeoloxía de 1^{eiro}

- Coñecer o vocabulario científico adecuado ao seu nivel.
- Levar a cabo traballo experimental nas prácticas de laboratorio.
- Identificar as características que fan que a Terra sexa un planeta onde se desenvolva a vida.
- Coñecer as funcións vitais das plantas e a súa importancia para a vida.
- Coñecer e identificar os diferentes niveis da materia viva.
- Recoñecer que os seres vivos están constituídos por células e determinar as características que os diferencian da materia inerte.
- Identificar as funcións comúns de todos os seres vivos, diferenciando entre nutrición autótrofa e heterótrofa.
- Identificar os diferentes grupos de seres vivos.
- Recoñecer as características morfolóxicas principais dos distintos grupos taxonómicos.
- Categorizar os criterios que serven para clasificar os seres vivos.
- Identificar os principais modelos taxonómicos aos que pertencen os animais e as plantas máis comúns.
- Coñecer as características dos principais grupos de invertebrados e vertebrados.
- Determinar, a partir da observación, as adaptacións que lles permiten aos animais e ás plantas sobrevivir en determinados ecosistemas.
- Utilizar claves dicotómicas ou outros medios para a identificación e a clasificación de animais e de plantas.
- Coñecer as ideas principais sobre a orixe do universo e a formación e a evolución das galaxias.
- Coñecer a organización do sistema solar e as súas concepcións ao longo da historia.
- Relacionar a posición dun planeta no sistema solar coas súas características.
- Coñecer a localización da Terra no sistema solar.
- Coñecer e relacionar os movementos da Terra, da Lúa e do Sol coa existencia do día, a noite, as estacións, as mareas e as eclipses.
- Coñecer os materiais terrestres nas grandes capas da Terra.
- Identificar e coñecer as propiedades e as características dos minerais e das rochas.
- Coñecer a atmosfera e as propiedades do aire.
- Identificar os problemas de contaminación ambiental desenvolvendo actitudes que contribúan a unha solución.
- Apreciar a importancia da auga e describir as súas propiedades.
- Coñecer o ciclo da auga, o uso que se fai dela e a súa distribución na Terra.
- Comprender a necesidade dunha xestión sostible da auga potenciando a redución no consumo e a reutilización.
- Valorar a importancia das augas doces e salgadas.
- Coñecer os compoñentes dun ecosistema.
- Identificar os factores que desencadean os desequilibrios que se dan nun ecosistema.
- Apreciar todas as accións que favorecen a conservación do medio.
- Coñecer e identificar os compoñentes que fan do solo un ecosistema.

Bioloxía e Xeoloxía de 3^{eiro}

- Coñecer o vocabulario científico adecuado ao seu nivel.
- Coñecer os diferentes niveis de organización do corpo humano.
- Estudiar os primeiros niveis de organización dos seres vivos: a súa composición química e o nivel celular.
- Adquirir coñecementos sobre a saúde, a enfermidade e o sistema inmunitario.
- Coñecer todo o relacionado coa nutrición e alimentación identificando os trastornos de conduta alimentaria.
- Identificar a anatomía e fisioloxía dos diferentes aparatos: dixestivo, respiratorio, circulatorio e excretor.
- Coñecer a función do sistema nervioso e endócrino.
- Coñecer a estrutura e función dos órganos dos sentidos: coidado e hixiene.
- Identificar as principais glándulas endócrinas e a súa función.
- Coñecer a función do aparato locomotor: relacións funcionais entre ósos e músculos.
- Identificar a anatomía do aparato reprodutor: cambios físicos e psíquicos na adolescencia.
- Coñecer o ciclo menstrual: fecundación, embarazo e parto.
- Apreciar e considerar a sexualidade das persoas.
- Coñecer os diferentes tipos de relevo terrestre.
- Coñecer e identificar as formas de erosión.
- Coñecer a importancia das augas subterráneas e a súa relación coas augas superficiais.
- Coñecer as causas dos movementos da auga do mar e relacionalos coa erosión.
- Identificar a acción eólica en diferentes ambientes.
- Coñecer a acción xeolóxica dos glaciares.
- Apreciar a actividade xeolóxica dos seres vivos e a especie humana como axente xeolóxico externo.
- Identificar as actividades sísmicas e volcánicas coas súas características e os efectos que poden xerar.
- Coñecer os riscos sísmicos e volcánicos e a forma de previlos.
- Coñecer e identificar os compoñentes que fan do solo un ecosistema.

Bioloxía e Xeoloxía de 4^o

- Comparar a estrutura de distintos tipos de células.
- Observar as fases do ciclo celular identificando o núcleo celular e a súa organización.
- Analizar semellanzas e diferenzas entre os cromosomas e a cromatina.
- Coñecer os procesos que teñen lugar na mitose e na meiose.
- Identificar as funcións dos distintos ácidos nucleicos.
- Recoñecer como forma de conservación xenética a replicación do ADN.
- Utilizar o código xenético para expresar información xenética.
- Ver as mutacións como formas de diversidade xenética.
- Aplicar as leis da herdanza e os principios mendelianos na resolución de problemas sinxelos.
- Establecer relacións entre a herdanza do sexo e a ligada ao sexo.
- Reflexionar sobre as enfermidades hereditarias e a súa prevención.
- Identificar técnicas e aplicacións da enxeñería xenética e clonación.
- Coñecer as probas e mecanismos da evolución e a mutación.
- Realizar interpretacións a partir de árbores filoxenéticas.
- Conceptualizar a hominización.
- Identificar o carácter cambiante da terra, describir os cambios notables e interpretar cortes xeolóxicos e perfís topográficos.
- Recoñecer os procesos xeolóxicos máis importantes na historia da Terra, analizando eóns, eras e períodos utilizando o coñecemento dos fósiles guía.

- Coñecer e interpretar os fenómenos naturais derivados da tectónica de placas.
- Analizar a estrutura da Terra a partir de distintos modelos e recursos de análise.
- Reflexionar sobre a formación da litosfera, o relevo e a súa degradación.
- Relacionar os factores ambientais coa vida dos seres vivos e ecosistemas.
- Identificar o concepto de factor limitante e límite de tolerancia.
- Afondar nos conceptos de biótomo, poboación, comunidade, ecotón, cadeas e redes tróficas.
- Reflexionar sobre a adaptación dos seres vivos ao medio.
- Identificar o proceso de transferencia de materia e enerxía na cadea trófica.
- Valorar o impacto que o ser humano lles ocasiona aos ecosistemas.
- Coñecer distintos procesos de tratamento de residuos e reflexionar sobre a recollida selectiva.
- Identificar a importancia da utilización de enerxías renovables para a sostibilidade do planeta.
- Utilizar o método científico con destreza.
- Formular e contrastar hipóteses na experimentación e/ou observación.
- Analizar a fiabilidade das fontes de información empregadas.
- Desenvolver habilidades de traballo individual e grupal.
- Realizar presentacións públicas argumentando as súas investigacións.

Cultura Científica de 4º

- Manexar e utilizar información sobre temas científicos de actualidade.
- Apreciar a achega da investigación e a tecnoloxía á vida cotiá.
- Utilizar as TIC para comunicar e publicitar información ou opinións fundamentadas.
- Discriminar entre as achegas científicas e as opinións e crenzas no campo da orixe da vida, a Terra, o universo...
- Afondar nas distintas teorías sobre a orixe do universo e na súa organización.
- Reflexionar sobre as características e orixe do burato negro.
- Analizar a formación do sistema solar, a evolución das estrelas e as condicións de vida noutros planetas.
- Investigar sobre os acontecementos históricos que marcaron o noso coñecemento do universo.
- Desenvolver a sensibilidade en canto á conservación ambiental, reflexionando sobre os factores que inflúen negativamente e as súas consecuencias.
- Identificar as implicacións sociais da sobreexplotación de recursos, a contaminación...
- Predicir fenómenos ou consecuencias a partir de climogramas, índices de contaminación...
- Reflexionar sobre como manter o estado de benestar utilizando outras fontes enerxéticas alternativas.
- Identificar na pila de combustible unha alternativa enerxética de futuro.
- Defender a sostibilidade de recursos como un camiño para coidar o planeta.
- Afondar no concepto de enfermidade e vida saudable, discernindo os tipos de enfermidades máis frecuentes e os seus tratamentos.
- Identificar as consecuencias do consumo de drogas como problema social e humano e valorar a adopción de medidas preventivas no consumo e contaxio.
- Realizar investigacións sobre o uso dos materiais e a súa importancia na humanidade.
- Afondar no coñecemento do proceso de obtención de materias primas e o seu impacto social e ambiental.
- Reflexionar sobre o uso alternativo dos distintos tipos de materiais.

OBXECTIVOS NO BACHARELATO

Bioloxía e Xeoloxía de 1^{eiro}

- Aplicar os conceptos, leis e teorías máis importantes da Bioloxía e a Xeoloxía, na análise de feitos e fenómenos naturais.
- Elaborar unha hipótese explicativa que relacione o modelo xeoquímico e o dinámico da Terra e permita comprender o comportamento físico do planeta.
- Interpretar os fenómenos xeolóxicos asociados ás placas litosféricas mediante a teoría da tectónica de placas.
- Analizar os modelos de organización dos seres vivos describindo algúns caracteres morfolóxicos e fisiolóxicos.
- Establecer relacións entre evolución e distribución dos seres vivos á luz da teoría da evolución integrando os acontecementos puntuais de crises que sinala a xeoloxía, para chegar á proposta do equilibrio puntuado.
- Utilizar procedementos e estratexias científicas, e modelos representativos usados no ámbito científico, como táboas, claves dicotómicas, gráficas, diagramas, debuxos, esquemas, fotografías... para a resolución de cuestións relacionadas coa Bioloxía e a Xeoloxía.
- Recompilar, elaborar e sintetizar diferentes informacións relacionadas coa Bioloxía e a Xeoloxía utilizando diferentes fontes bibliográficas e Tecnoloxías da Información e Comunicación.
- Valorar de forma crítica as implicacións que os avances en Bioloxía e Xeoloxía teñen sobre a calidade de vida, o medio ambiente e os seres vivos, analizando a forma de contribuír a facer fronte aos graves problemas que hipotecan o futuro de Galicia e do noso planeta.
- Planificar individualmente e en grupo o deseño e realización de investigacións relacionadas coa Bioloxía e a Xeoloxía, recoñecendo que o coñecemento científico se atopa en continua elaboración, exposto a revisións e modificacións continuas.
- Describir as implicacións das actuacións dos seres humanos sobre o relevo, os ecosistemas e outros seres vivos, analizando a relación que se establece entre desenvolvemento científico, técnica e sociedade.
- Desenvolver actitudes relacionadas coa investigación científica, como a visión crítica, a necesidade de verificación, o interese polo traballo cooperativo e a aplicación e a difusión do coñecemento, o cuestionamento das apreciacións intuitivas e a apertura a novas ideas.
- Localizar as principais unidades paisaxísticas de Galicia, destacando a importancia da súa riqueza biolóxica e a necesidade conservala de forma sustentable.
- Recompilar, elaborar, sintetizar e comunicar diferentes informacións relacionadas coa Bioloxía e a Xeoloxía, utilizando diferentes fontes: a biblioteca escolar, os medios de comunicación e as Tecnoloxías da Información e a Comunicación.

Cultura Científica de 1^{eiro}

- Ampliar e afondar nos coñecementos adquiridos en cuarto de Educación Secundaria Obligatoria.
- Analizar con maior detalle a formación da Terra, a orixe da vida, a evolución, a orixe do home, xenética e os avances biomédicos.
- Nas dúas últimas unidades, abordar os contidos relativos Internet e ás Tecnoloxías da Información e Comunicación.
- Estudiar as controversias e retos das ciencias nos temas tratados e o seu impacto na sociedade.

- Recompilar, elaborar, sintetizar e comunicar diferentes informacións relacionadas cos temas que se tratan na materia, utilizando diferentes fontes: biblioteca escolar, medios de comunicación e Tecnoloxías da Información e a Comunicación.

Bioloxía de 2º

- Favorecer e fomentar a formación científica do alumnado, partindo da súa vocación polo estudo das ciencias.
- Consolidar o método científico como ferramenta habitual de traballo, co que iso leva de estímulo da súa curiosidade, capacidade de razoar, formulación de hipótese e deseños experimentais, interpretación de datos e resolución de problemas, facendo que este alumnado alcance as competencias necesarias para seguir estudos posteriores.
- Coñecer os grandes avances e descubrimentos da Bioloxía, que se suceden de xeito constante e continuo nas últimas décadas, que posibilitan a mellora das condicións de vida dos cidadáns e o avance da sociedade.
- Estudiar as controversias e retos das ciencias en xeral, e da Bioloxía en particular, que son o motor que mantén á investigación biolóxica desenvolvendo novas técnicas de investigación no campo da *biotecnoloxía* ou da *enxeñaría xenética*, así como novas ramas do coñecemento como a *xenómica* ou a *proteómica*, de maneira que producen continuas transformacións na sociedade.
- Achegar ao alumnado uns coñecementos fundamentais para a súa formación científica, e unhas destrezas que lles permitirán seguir profundando ao longo da súa formación, todo iso sustentado nos coñecementos previamente adquiridos e fortalecendo a súa formación cívica como un cidadán libre e responsable.

Ciencias da Terra de 2º

- Comprender o funcionamento da Terra e dos sistemas terrestres e as súas interaccións, como fundamento para a interpretación das repercusións globais dalgúns feitos aparentemente locais e viceversa.
- Coñecer a influencia dos procesos xeolóxicos no medio ambiente e na vida humana.
- Coñecer as posibilidades de utilización dos recursos naturais, incluíndo as súas aplicacións, e recoñecer a existencia dos seus límites, valorando a necesidade de adaptar o uso á capacidade de renovación.
- Analizar as causas que dan lugar a riscos naturais, coñecer os impactos derivados da explotación dos recursos e considerar diversas medidas de prevención e corrección.
- Investigar os problemas ambientais desde unha perspectiva globalizadora, que integre todos os puntos de vista, recollendo datos, elaborando conclusións e propondo alternativas.
- Coñecer e valorar a diversidade do patrimonio natural galego como un recurso sustentable, necesario para o desenvolvemento socioeconómico da nosa comunidade.
- Utilizar as tecnoloxías da información e a comunicación para realizar simulacións, tratar datos e extraer e utilizar información de diferentes fontes, avaliar o seu contido, fundamentar os traballos, e realizar informes.
- Promover actitudes favorables cara ao respecto e a protección do medio ambiente, desenvolvendo a capacidade de valorar as actuacións sobre a contorna e tomar libremente iniciativas no seu defensa.

CONTIDOS MÍNIMOS

Os contidos mínimos serán os estándares de aprendizaxe que figuran en *cursiva* en cada materia na programación do Departamento, cun grao de consecución do 100%, das seguintes unidades didácticas:

E. S. O.

<p>Bioloxía e Xeoloxía de 1^{eiro}</p>	<ol style="list-style-type: none"> 1. A Terra no universo. 2. O planeta Auga. 3. A atmosfera, un océano de aire... 4. A xeosfera e os seus minerais 5. As rochas, diversidade e usos. 6. A Terra, planeta habitado. 7. A diversidade dos seres vivos. 8. Animais vertebrados. 9. Animais invertebrados. 10. O mundo das plantas. 11. Os ecosistemas. 12. Degradación e conservación do medio.
<p>Bioloxía e Xeoloxía de 3^{eiro}</p>	<ol style="list-style-type: none"> 1. A organización do corpo humano. 2. Alimentación e saúde. 3. A nutrición: aparellos dixestivo e respiratorio. 4. A nutrición: aparellos circulatorio e excretor. 5. A relación: os sentidos e o sistema nervioso. 6. A relación: o sistema endocrino e o aparello locomotor. 7. A reprodución. 8. A saúde e o sistema inmunitario. 9. O relevo e os procesos xeolóxicos externos. 10. A modelaxe do relevo. 11. A dinámica interna da Terra.

Biología e Xeoloxía de 4º	<ol style="list-style-type: none"> 1. Estrutura e dinámica da terra 2. Tectónica e relevo 3. A historia do noso planeta. 4. Estrutura e dinámica dos ecosistemas. 5. A actividade humana e o medio ambiente. 6. A organización celular dos seres vivos. 7. Herdanza e xenética. 8. A información e a manipulación xenética. 9. A orixe e a evolución da vida.
Cultura Científica de 4º	<ol style="list-style-type: none"> 1. A ciencia e a información. 2. O coñecemento do universo. 3. Tecnoloxía, recursos e medio. 4. A enerxía e o desenvolvemento sostible. 5. Os materiais e a sociedade. 6. As enfermidades e os problemas sanitarios. 7. Conservación da saúde e calidade de vida.

BACHARELATO

Biología e Xeoloxía de 1º^{eiro}	<ol style="list-style-type: none"> 1. A natureza básica da vida. 2. A organización celular dos seres vivos. 3. A organización pluricelular dos seres vivos. 4. A biodiversidade: orixe e conservación. 5. A clasificación dos seres vivos. 6. A nutrición nas plantas. 7. A nutrición en animais I: respiración e dixestión. 8. A nutrición en animais II: circulación e excreción. 9. A relación e reprodución nas plantas. 10. A relación e coordinación en animais. 11. A reprodución dos animais. 12. Historia da vida e da Terra 13. Estrutura interna e composición da Terra. 14. Tectónica de placas. 15. Magmatismo e tectónica de placas. 16. Manifestacións da dinámica litosférica. 17. Os procesos externos e as rochas que orixinan. 18. Como funciona a Terra.
---	--

<p style="text-align: center;">Cultura Científica de 1^{eiro}</p>	<ol style="list-style-type: none"> 1. A ciencia e a sociedade. 2. A Terra 3. A orixe da vida e a evolución 4. Orixe e evolución da humanidade 5. A revolución xenética 6. A enxeñería xenética 7. A medicina e a saúde 8. A investigación médico farmacéutica 9. Internet 10. A aldea global
<p style="text-align: center;">Biología 2º</p>	<ol style="list-style-type: none"> 1. Os bioelementos, a agua e os sales minerais. 2. Os glúcidos. 3. Os lípidos. 4. As proteínas. 5. Os ácidos nucleicos. 6. A célula, unidade estrutural e funcional. 7. A membrana plasmática, o citosol e os orgánulos non membranosos. 8. Os orgánulos celulares delimitados por membranas. 9. O metabolismo, as encimas e as vitaminas. 10. O catabolismo. 11. O anabolismo. 12. A reprodución e relación na célula. 13. A xenética mendeliana. 14. O ADN portador da mensaxe xenética. 15. As mutacións e a enxeñería xenética. 16. A evolución e a xenética de poboacións. 17. Os microorganismos. 18. Microorganismos, enfermidades e biotecnoloxía. 19. O proceso inmunitario. 20. Anomalías no sistema inmunitario.
<p style="text-align: center;">CC. da Terra de 2º</p>	<ol style="list-style-type: none"> 1. Concepto de medioambiente e dinámica de sistemas. 2. A humanidade e o medioambiente. 3. Cara a un desenvolvemento sustentable. 4. Sistema biosfera. 5. Xeosfera e riscos xeolóxicos. 6. Dinámica das masas fluídas. 7. Contaminación das masas fluídas.

RECUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES

Os alumnos con materias pendentes, farán traballos e/ou dúas probas de avaliación escritas ao longo do curso, segundo se indique no plan de recuperación de materias pendentes. Cando se faga mediante traballos e exames, os **traballos** ponderarán **50 %** e os **exames** o **50 %** restante. Aqueles que non superen as dúas anteriores, farán outra **proba final** segundo o calendario que fixará a Xefatura de Estudos, cos contidos mínimos e criterios de avaliación xa establecidos.

ASPECTOS XERAIS DE AVALIACIÓN

A información necesaria para realizar a avaliación nas materias do Departamento recollerase a través dos seguintes **instrumentos**:

- Probas escritas e test.
- Probas orais.
- Expresión, exposición, concreción, redacción, presentación e claridade dos traballos propostos.
- Exercicios do libro de texto ou de repaso.
- Elaboración de resumos coas ideas principais das unidades.
- Actitude durante as sesións didácticas na aula e no laboratorio, así como o seu grado de participación.
- Seguimento dos cadernos/informes de laboratorio.
- Participación nos debates e postas en común realizadas en cada unidade didáctica.
- Traballos de investigación bibliográfica.

As **probas escritas**, poderán ser:

- De **diagnóstico** ao comenzo do curso, para coñecer a situación de partida dos alumnos e adecuar os contidos aos coñecementos previos e as necesidades dos alumnos.
- De **avaliación**: Faráanse probas escritas sobre os aspectos traballados nunha ou máis unidades segundo a súa extensión que poderán ser: de elaboración da totalidade da resposta, preferentemente breves, tipo test, de relacionar conceptos, de completar esquemas/debuxos, e de análise de textos para valorar o pensamento crítico do alumno.
- De **repaso**: No 2º curso de bacharelato poderá haber exames de repaso baseados nas probas de selectividade de anos anteriores.
- De **recuperación** da avaliación: Faráse unha proba escrita que inclúa a totalidade dos contidos do período a avaliar. Esta proba poderá realizarse arredor da data de avaliación ou ao final do curso.
- Global** na convocatoria de **Setembro**: Os contidos serán os mínimos de cada materia.

Na **ESO** a cualificación global da avaliación, obterase dándolle peso aos seguintes factores:

	Probas escritas/orais	Caderno clase	Informes de laboratorio	Observación na aula	Traballos individuais/ en grupo
Bio-Xeoloxía de 1 ^{eiro}	70%	10%	15%	-	5%
Bio-Xeoloxía de 3 ^{eiro}	70%	10%	-	10%	10%
Bio-Xeoloxía de 4º	65%	10%	15%	5%	5%
Cultura Científica 4º	80%	10%	-	-	10%

No bacharelato a cualificación global da avaliación, obterase dándolle peso, aos seguintes factores:

	Probas escritas/orais	Caderno clase/ informes de laboratorio	Traballos individuais/ en grupo	Asistencia/ participación na clase
Bio-Xeoloxía de 1 ^{eiro}	80%	10%	10%	-
Cultura Científica de 1 ^{eiro}	80%	10%	10%	-
Bioloxía de 2 ^o	85%	10%	-	5%
Ciencias da Terra de 2 ^o	60%	10%	30%	-
Nocturno	70%	10%	10%	10%

A **nota media da avaliación** será a media aritmética das probas escritas realizadas durante o periodo de avaliación multiplicada polo seu peso, e sumaráse a media dos outros instrumentos de avaliación e caderno de laboratorio multiplicada polo seu peso. Nas materias de 1^{eiro} do **bacharelato diurno** pedirase unha **nota mínima de 3** nos exames para facer a media da avaliación, e en 2^o do **bacharelato diurno**, pedirase unha **nota mínima de 4** para facer a media.

A **nota da avaliación** será un número enteiro que se obterá co seguinte criterio: dende o sexto decimal dun número ata o quinto decimal do número seguinte asignarase o **número enteiro central**. Por exemplo, dende 5,6 ata 6,5 a nota da avaliación será 6. Considérase aprobado cando a nota da avaliación sexa **igual ou superior a 5**.

As **recuperacións** incluírán os **contidos mínimos** do periodo avaliado, e consideraranse superadas cando a nota sexa igual ou superior a 5.

Para obter a **nota final da materia na convocatoria ordinaria**, farase a media das notas medias obtidas nas tres avaliacións (ou recuperacións se é o caso). Para facer a media final o alumno terá que ter aprobadas polo menos dúas avaliacións. A nota final da convocatoria ordinaria será un **número enteiro** que se obterá co seguinte criterio: dende o sexto decimal dun número ata o quinto decimal do número seguinte asignarase o número enteiro central. Considérase aprobado cando a nota final sexa **igual ou superior a 5**.

Na **convocatoria extraordinaria de Setembro** farase unha **proba global**, sobre os **contidos mínimos** fixados para cada materia. A nota obterase seguindo o criterio da convocatoria ordinaria e consideraranse superada cando a nota obtida sexa **igual ou superior a 5**.